



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 26 DE MARZO DE 2021

Alcalde substituto:

ALFREDO SOUTO CASLTELO

Concelleiros:

ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
MARÍA JOSEFA CODESIDO BARREIRO
ADELA ISABEL IGLESIAS TOJO
GEMMA VERÓNICA LÓPEZ DE FUENTES
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ
JESÚS MARTÍNEZ PEREIRA
MANUEL PUGA GARCÍA
JOSÉ LUÍS RAMOS BARREIRO
DARÍO REY SUÁREZ

Secretario:

JOSÉ ANTONIO GÓMEZ PEDREIRA

Na Casa do Concello de Touro (A Coruña), sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do día vinte e seis de marzo de dous mil vinte e un, reuníronse os membros do Pleno do Concello arriba relacionados, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria para a que foran previamente convocados.

Reunindo os asistentes o quórum necesario para a válida celebración das sesións, polo señor Alcalde abriuse a sesión cos seguintes puntos na orde do día:

Polo Secretario dáse conta da substitución do Alcalde, D. Ignacio Codesido Barreiro, polo primeiro Tenente de Alcalde, D. Alfredo Souto Castelo, por aplicación do establecido no artigo 47.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación cos artigos 23.3 da Lei de bases de réxime local e 21 do TRRL, ocasionado pola ausencia do Alcalde por máis de 24 horas do termo municipal, por razón de enfermidade, e non haberse conferido delegación expresa, producindo efectos a mencionada substitución ata a incorporación efectiva do Alcalde D. Ignacio Codesido Barreiro ao seu cargo.

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro Rocamonde, en nome do grupo Marea Veciñal de Touro, propónse unha cuestión de orde, manifestando que no pasado pleno quedou acreditada unha falsidade na súa declaración de intereses, e se non se subsanou a irregularidade haberá que coñecer se está en condicións plenas para exercer como Alcalde, posto que acreditada a falsidade non se pode saber se existen incompatibilidades para exercer o cargo.

O señor Alfredo Souto manifesta que non ten ningunha incompatibilidade, manifestando que cree que non está equivocado.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que quedou acreditado que a declaración de intereses non se axustaba á realidade e non sabe se incorre ou non en incompatibilidade, preguntado se ten emendada a declaración de intereses.

O señor concelleiro D. Alfredo Souto, Alcalde substituto, manifesta que non ten nada que facer do que di o señor Roberto Castro.

O señor concelleiro D. Roberto Castro pregunta ao señor Secretario sobre a cuestión.

O señor Secretario manifesta que, á marxe da declaración de intereses que ten feito cada concelleiro, o que esixe a lexislación é que exista esa declaración e que o contido da mesma é responsabilidade de quen a ten realizado.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que xa se ten solicitado do señor Secretario o inicio da esixencia dunha modificación da declaración de intereses.

O señor Secretario manifesta que o que esixe a lei é que exista a declaración de bens e de intereses para exercer o cargo, sen prexulgar o seu contido.

I.- APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN DE 30 DE DECEMBRO DE 2020.

Tense remitido ós señores concelleiros o borrador da acta de data 30 de decembro de 2020.

Polo señor concelleiro D. Xoán A. Louzao, en nome do grupo do BNG, maniféstase que existe un erro nas páxinas 10 e 15, posto que onde pon “D. Xoán A. Louzao, en representación do grupo Marea Veciñal de Touro” debe poñer “D. Xoán A. Louzao, en representación do grupo do BNG”.

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro maniféstase que o seu grupo votará en contra da acta por entender que non se ten trasladado correctamente o que se expresa nas intervencións e que en parte trátase de interpretacións que non se corresponden cos argumentos que se teñen realizado, poñendo o exemplo de que non se ten recollido a petición que fixo o seu grupo ao Secretario en relación coa falsidade na declaración de intereses do señor Alfredo Souto.

Coas correccións que se especifican polo grupo do BNG, o Pleno, por sete votos a favor (cinco do grupo do PP, un do BNG e un do PSG-PSOE) e tres en contra (grupo Marea Veciñal de Touro), acorda a aprobación da acta do día 30 de decembro de 2020.

II.- DACIÓN CONTA RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta das resolucións ditadas polo señor Alcalde desde o último Pleno ordinario.

O señor concelleiro D. Roberto Castro, en representación do grupo Marea Veciñal de Touro, manifesta que non se deu a copia das resolucións, pero que polo menos este é un avance importante posto que ata o de agora non se daba conta das mesmas, pero que teñen que estar a disposición dos concelleiros para consultar tal e como xa lle ten comunicado ao señor Secretario, e que noutro caso pediranse formalmente.

III.- RECLAMACIÓNS APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DE 2021.

Polo señor Secretario-Interventor dáse conta do informe relativo ás reclamacións/alegacións presentadas contra a aprobación inicial do orzamento 2021, que textualmente se transcribe:

“INFORME: RECLAMACIÓNS PRESENTADAS CONTRA A APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2.021
LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

ANTECEDENTES

I.- En data de 4 de febreiro de 2021 o Pleno da Corporación municipal, en sesión ordinaria, adoptou, entre outros, o acordo mediante o cal se aprobaba inicialmente o Presuposto da entidade para o exercicio de 2021, as bases de execución de dito presuposto.

II.- Producida a votación o acordo foi adoptado por seis votos a favor do grupo municipal do PP e cinco en contra dos grupos municipais de Marea Veciñal de Touro (tres votos) e BNG (1) e PSG-PSOE.(1).

III.- En data de 10 de febreiro de 2021 publicase anuncio de aprobación inicial en trámite de reclamacións polo prazo de 15 días.

IV.- Nese prazo téñense presentado os seguintes escritos:

- a) Reclamacións os orzamentos 2.021 por D^a Elena Cecilia Vázquez López e 21 mais, veciños do Concello de Touro, no que se expoñen diversas reclamacións relativas a manter os espazos públicos do concello en correcta e impecable situación,, mantemento de rutas, sinalización de parroquias punto limpo, humanización de espazos, relativas o P.A.I., sobre estación de medición de calidade ambiental polos malos cheiros, comunicación de telefonía por rede de fibra óptica entre outras. O escrito foi presentado en data 1 de marzo de 2021.
- b) Escrito de alegacións o orzamento 2.021 presentado por D^a Lidia Iglesias Vaamonde , na súa calidade de veciña, facendo referencia a inclusión no programa 171 Parque e xardíns unha partida para a humanización do entorno da capela de Augas Santas, a inclusión no programa 171 dunha partida para a restauración do lavadoiro de Oca de Abaixo, a inclusión no programa 1532 de Pavimentación de Vías Públicas para a correcta finalización de obras, a inclusión no programa 1621 de recollida de residuos para a creación dun servizo de voluminosos porta a porta ou punto limpo, a inclusión no programa 1623 tratamento de residuos dunha partida de axudas para adquisición de composteiros domésticos e xornadas formativas sobre reciclaxe e compostaxe. E a inclusión no programa 1623 tratamento de residuos da creación dun punto limpo para o Concello. O escrito foi presentado en data 1 de marzo de 2020.
- c) Reclamacións presentadas por D^a Olaya Valiño Santiso, veciña do Concello, en representación da Asociación de veciños “ O Batán “que en relación coa parroquia de San Tirso de Cornado e relativo o programa 1532 Pavimentación de vías públicas a adecuación da pista de zahorra que baixa dende a Aldea de Subres ata a desembocadura do río Lañas no Ulla, coa correspondente canalización de augas, priorizando a conexión con núcleos de poboación mediante os asfaltados en concreto a reparación da estrada que vai dende o lugar de Cillobre ata o lugar de Gandarón . En relación co programa 414 Desenvolvemento rural, asignación dunha partida de 20.000 euros (1^a fase) para o arranxo da escola parroquial de Cornado sita en Cillobre, dotación dunha marquesiña na parada de autobús metropolitano e dotación de bancos nos núcleos de poboación. No programa 169, 151,1623 Alcantarillado, salubridade , dotación da rede de saneamento nos núcleos de poboación de Cornado, incluír unha primeira fase a complementar mediante convenio coa Consellaría de Medio Ambiente ou Augas de Galicia. Escrito presentado o día 27 de febreiro de 2021.
- d) Escrito de reclamacións e alegacións presentadas por D. José Manuel Fernández Vázquez , veciño do Concello, referidas os gastos de persoal , no que se expón o aumento que se ten producido no orzamento nesta materia, representado un 30,5 % do mesmo, facendo unha comparativa tamén cos anos 2.019 e 2.020, e ,manifestando que trae a súa causa na RPT aprobada e nos gastos dunha asesoría xurídica externa que redacta as nóminas do

persoal, e TCs facéndose a pregunta se existe un máximo porcentual entre os gastos de persoal e os investimentos. Rexistro de entrada 3-03-2021

- e) Escrito de alegacións o Orzamento do ano 2021 presentado polo veciño D. José Manuel Fernández Vázquez en relación cos contratos menores e a súa regulación contida no Real Decreto-Lei 3/2020 de 4 de febreiro, e as bases de execución do orzamento (base 11ª), reflectindo o contido do mencionado artigo. Escrito presentado en data 3-03-2021.
- f) Escrito de alegacións presentado por D. José Luis Pereiras Blanco, veciño de Touro en relación a inclusión no programa 151 Urbanismo, Planeamento Xestión . Execución e Disciplina Urbanística unha partida para planear , xestionar e executar unha obra que dote o núcleo de obra , Foxás dunha infraestrutura de Saneamento e depuración de augas residuais, sen prexuízo de incluír para mesma fin partidas doutros programas. Incluír no programa 1532 Pavimentación de Vías Públicas a reforma da antiga escola de Vilar que funciona como colexio electoral e en estado de abandono. Escrito presentado en data 3-03-2021
- g) Escrito presentado por D. Roberto Castro Rocamonde, en representación do grupo municipal de Marea Veciñal de Touro, sobre alegacións e reclamación a aprobación inicial orzamento 2021 , na que se fai referencia o incremento de gastos de persoal dimensionando o mesmo en termos porcentuais en relación cos anos 2019 e 2020 e 2021, e que neste ano representa o 30,5 por cento do orzamento, poñendo de manifesto a existencia na RPT de vacantes, e a dedicacións remuneradas a membros do goberno, ase mesmo refírese a existencia dun posto funcionarizado referido a Animador/ra cultural, o incumprimento de resolución plenarias en relación co a base de execución 14 referida a subvencións pois tense aprobado polo Pleno a realización dunhas bases de subvencións a entidades sen fins de lucro con dotación orzamentaria e previa a aprobación do proxecto de orzamentos, propoñendo unha redacción alternativa a base 14 no seu punto a), establecendo un límite de 3.000 euros a subvencións a outorgar pola Xunta de Goberno. Ase mesmo fai referencia a cumprir o establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais en relación coa asignación os grupos municipais dos medios materiais e persoais que establece o mencionado regulamento, a necesidade de actualizar a base 11 de execución do orzamento coa nova normativa, e a inclusión no programa 336- protección e Xestión do patrimonio histórico-artístico unha partida para un convenio co grupo de investigación Roman Army para o estudo e posta en valor do campamento romano do Castrillón, e contratar un estudo histórico sobre o castro da Roda na parroquia de calvos, e a mámoa de Cruz de Méndez con sinalización e protección de ámbolos dous elementos, escrito presentado o día 3-03-2021.

INFORME :

Procede, con carácter previo, analizar a lexitimación, prazos e demais requisitos esixidos pola norma para este tipo de reclamacións. Neste sentido, o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (en adiante, LRFL) regula tales aspectos nos art. 169 e seguintes, e en concreto, o art. 170 establece o seguinte: “A los efectos de lo dispuesto en el apartado 1 del artículo anterior, tendrán la consideración de interesados:

- a) Los habitantes en el territorio de la respectiva entidad local.
- b) Los que resulten directamente afectados, aunque no habiten en el territorio de la entidad local.
- c) Los colegios oficiales, cámaras oficiales, sindicatos, asociaciones y demás entidades legalmente constituidas para velar por intereses profesionales o económicos y vecinales, cuando actúen en defensa de los que les son propios.

2. Únicamente podrán entablarse reclamaciones contra el presupuesto:

- a) Por no haberse ajustado su elaboración y aprobación a los trámites establecidos en esta ley.

b) Por omitir el crédito necesario para el cumplimiento de obligaciones exigibles a la entidad local, en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo.

c) Por ser de manifiesta insuficiencia los ingresos con relación a los gastos presupuestados o bien de estos respecto a las necesidades para las que esté previsto”

Segundo se desprende do anterior o Real Decreto legislativo 2/2004, de e 5 de marzo, non atribúe a condición de interesados aos concelleiros de maneira que a eventual impugnación do orzamento por parte dos membros da corporación local debe seguir un cauce diferente ao previsto no art. 170 tal e como ven declarando xurisprudencia do Tribunal Supremo.

Pola súa parte o art. 46.1 da lei 29/1998 reguladora da xurisdición contencioso administrativa dispón que:

“El plazo para interponer el recurso contencioso administrativo será de dos meses contados desde el día siguiente al de la publicación de la disposición impugnada o al de la notificación o publicación del acto que ponga fin a la vía administrativa, si fuera expreso. Si no lo fuera, el plazo será de seis meses y se contará, para el solicitante y otros posibles interesados, a partir del día siguiente a aquél en que, de acuerdo con su normativa específica, se produzca el acto presunto”.

Dos anteriores artigos se desprende que os concelleiros dispoñen de lexitimación para impugnar os orzamentos por vía da interposición de recurso contencioso administrativo, estando limitada a reclamación á que se refire o art. 170 LRFL ás persoas e entidades indicadas en dito precepto.

Respecto á lexitimación dos grupos municipais resulta preciso traer a colación a Sentencia del JCA 3 Coruña, núm 189/2019, de 3 de outubro de 2019, cando mantén: “Donde sí acertó fue al no conferir legitimación a los concejales para presentar su reclamación frente a la aprobación inicial del presupuesto, pues la tienen para intervenir en defensa de los asuntos municipales y para impugnar los acuerdos plenarios que han votado en contra, no la ostentan en el trámite contemplado en el art. 170.1 TRLRHL, que se confía a los habitantes del territorio y a quienes resulten directamente afectados (además de otras instituciones que aquí no interesan) y en este caso no presentaron su reclamación los Señores X XX a título de vecinos, ni como directamente afectados por los créditos que se iban a aprobar, sino en su condición de concejales, para lo que no estaban legitimados en esa fase procedimental, como señala la STS de 15.10.12”.

Destacar igualmente a Sentencia número 978, de 21 de xuño de 2012, do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, que desestima o recurso fronte ao acordo do Concello polo que se inadmitiron as alegacións dun grupo municipal e aprobándose definitivamente o presuposto. O FD III da Sentenza expresa: «Este Tribunal entiende, de conformidad con la tesis sustentada por el Ayuntamiento demandado, que el trámite, fundamental, de exposición al público por plazo de quince días, determinado en el artículo 169.1 de la LHL, para que los "interesados" puedan examinarlos y presentar las oportunas reclamaciones ante el Pleno, está limitado, tal como preceptúa el artículo 170.1 LHL, a las personas, físicas o jurídicas, que reúnan las condiciones en el mismo prevista, entre las que no se encuentran los Grupos Políticos Municipales, formados al amparo de los artículos 22 y siguientes del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las Entidades locales.

Ello no quiere decir, por supuesto, que los Grupos Políticos Municipales y los concejales que los integran, no tienen participación en la elaboración de los Presupuesto Generales, o que no pueden efectuar las alegaciones que tengan por conveniente realizar. La actuación y participación de dichos Grupos Políticos Municipales, constituidos "a efectos de su actuación corporativa" (artículo 22.1 ROF, deberá efectuarse a través del procedimiento de elaboración y aprobación del Presupuesto General, y en concreto, mediante la presentación de las propuestas que se estimen convenientes y, fundamentalmente, en los debates plenarios.

Sinalar por similitude, a Sentenza do Tribunal Superior de Xusticia de Cataluña de data 27 de marzo de 2017, (un concelleiro ausente na aprobación inicial do orzamento, presentou alegacións, sendo inadmitidas polo Pleno do Concello). O Tribunal desestima o recurso; no seu fundamento de dereito cuarto pon de manifesto: «Las alegaciones del actor no se correspondían con la teleología del

trámite (art. 169.1 TRLHL: "Aprobado inicialmente el presupuesto general, se expondrá al público..."), debiendo aquél, en tanto que Concejal o Regidor miembro del Pleno, defender sus posiciones en el seno del órgano colegiado, como pudo hacerlo y lo hizo finalmente, y no utilizando paralelamente los cauces previstos para los vecinos o interesados, cuando no actuó materialmente como tal. De modo que no se estima contraria a derecho la inadmisión de las alegaciones así formuladas, que por demás, fueron objeto de debate y desestimadas en el Pleno de fecha 14 de marzo de 2014».

Neste concreto caso, e preciso analizar as reclamacións/alegacións presentadas por separado e atribuír a cada unha delas a lexitimación e demais requisitos que veñen recollidos na lexislación vixente.

Primeiro.- En Relación coas reclamacións formuladas por D^a Elena Cecilia Vázquez López e 21 veciños mais, sobre:

- Prazo: As reclamacións presentase no prazo establecido o efecto polo anuncio publicado no BOP de data 10 de febreiro de 2021.
- Lexitimación: Acreditada a condición de veciños dos asinantes, existe lexitimación para a presentación das reclamacións (artigo 170. 1 LRFL)
- Contido material da reclamación: Non se axusta a ningún dos supostos establecidos no artigo 170.2 da LRF.

Segundo.- En Relación coas reclamacións formuladas por D^a Lidia Iglesias Vaamonde sobre:

- Prazo: As reclamacións presentase no prazo establecido o efecto polo anuncio publicado no BOP de data 10 de febreiro de 2021.
- Lexitimación: Acreditada a condición de veciña da asinante, existe lexitimación para a presentación das reclamacións (artigo 170. 1 LRFL)
- Contido material da reclamación: Non se axusta a ningún dos supostos establecidos no artigo 170.2 da LRF.

Terceiro.- - En Relación coas reclamacións formuladas por D^a Olaya Valiño Santiso, en representación da Asociación de veciños " O Batán" ,sobre:

- Prazo: As reclamacións presentase no prazo establecido o efecto polo anuncio publicado no BOP de data 10 de febreiro de 2021.
- Lexitimación: Acreditada a condición de representante dunha asociación de veciños, existe lexitimación para a presentación das reclamacións (artigo 170. 1 LRFL)
- Contido material da reclamación: Non se axusta a ningún dos supostos establecidos no artigo 170.2 da LRF.

Cuarto.- En Relación coas reclamacións formuladas por D. José Manuel Fernández Vázquez, en relación cos gastos de persoal, veciño do Concello ,sobre:

- Prazo: As reclamacións presentase no prazo establecido o efecto polo anuncio publicado no BOP de data 10 de febreiro de 2021.
- Lexitimación: Acreditada a condición de veciño do Concello existe lexitimación para a presentación das reclamacións (artigo 170. 1 LRFL)
- Contido material da reclamación: Non se axusta a ningún dos supostos establecidos no artigo 170.2 da LRF.

Quinto.- En Relación coas reclamacións formuladas por D. José Manuel Fernández Vázquez, en relación con contratos menores, veciño do Concello ,sobre:

- Prazo: As reclamacións presentase no prazo establecido o efecto polo anuncio publicado no BOP de data 10 de febreiro de 2021.
- Lexitimación: Acreditada a condición de veciño do Concello existe lexitimación para a presentación das reclamacións (artigo 170. 1 LRFL)
- Contido material da reclamación: Non se axusta a ningún dos supostos establecidos no artigo 170.2 da LRF. En todo caso a regulación establecida nas bases de execución do orzamento en relación cos contratos menores, son mais restritivas que as establecidas no artigo 118 da LCSP

Sexto- En Relación coas reclamacións formuladas por D. José-Luis Pereiras Blanco, veciño do Concello ,sobre:

- Prazo: As reclamacións presentase no prazo establecido o efecto polo anuncio publicado no BOP de data 10 de febreiro de 2.021.
- Lexitimación: Acreditada a condición de veciño do Concello existe lexitimación para a presentación das reclamacións (artigo 170. 1 LRFL)
- Contido material da reclamación: Non se axusta a ningún dos supostos establecidos no artigo 170.2 da LRF.

Sétimo.- En Relación coas reclamacións formuladas por D. Roberto Castro Rocamonde en representación do grupo municipal de Marea Veciñal de Touro ,sobre:

- Prazo: As reclamacións presentase no prazo establecido o efecto polo anuncio publicado no BOP de data 10 de febreiro de 2021.
- Lexitimación: Como se ten establecido xurisprudencialmente e na normativa de aplicación, non existe lexitimación para a formulación de reclamacións ou alegacións na fase de exposición o público polos grupos municipais, pois teñen outras vías legalmente establecidas para opoñerse os orzamentos, e non están incluídos en ningún dos supostos establecidos no artigo 170. 1 da LRFL
- Contido material da reclamación: Non se axusta a ningún dos supostos establecidos no artigo 170.2 da LRFL.

Consecuentemente o que subscribe informa que non procede a admisión a trámite das alegacións/reclamacións presentadas, por non estar contidas as mesmas en ningún dos supostos establecidos no artigo 170.2 da LRFL, ou non existir lexitimación nos supostos anteceden.

E canto ten que informar sometendo o presente a calquera outro mellor fundamentado en dereito.”

Polo señor Secretario maniféstase que na súa opinión persoal estas reclamacións entran dentro do que se chama orzamentos participativos.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que non lle parece correcto que se emitan opinións persoais no acto do Pleno polo señor Secretario, aínda que lle parece unha valoración acertada porque o seu grupo defende os orzamentos participativos, especificando que o seu grupo vai defender a súa reclamación posto que o orzamento incumpre acordos adoptados polo Pleno e estase a incumprir o ROF entre outras cuestións, especificando que as reclamacións son presentadas maioritariamente pola veciñanza e non polo grupo Marea Veciñal de Touro, que defenderá as súas cando se debata cada reclamación.

Polo señor concelleiro D. Xoán A. Louzao, en nome do grupo do BNG, pregunta se se van a votar unha a unha ou é unha única votación.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que se votarán todas xuntas.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que non sabe se é moito pedir que se lean as reclamacións que se van a votar posto que existen reclamacións da veciñanza que non son do seu grupo e os plenos son públicos, e ningún grupo pode falar en representación dun particular.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto le a reclamación correspondente á presentada por D^a Elena Cecilia Vázquez López e 21 veciños máis que textualmente di:

“Reclamacións:

1. Manter os espazos públicos do concello en correcto e **impecable situación debería ser un** obxectivo a conseguir por parte **dos responsables municipais en** aras de conseguir un concella atractivo ao público, á veciñanza e as persoas que o visitan, que faga que as persoas queiran quedarse nas zonas se son veciñanza e que queiran volver e leven un bo recordo se son visitantes. Para elo o coidado e estado dos espazos públicas, debería ter un espazo importante nos presupostos, entre as cuestións as que nos referimos para adecentar os

mesmos propoñemos as seguintes medidas a incluír nos orzamentos como parte do traballo continuado a ter presente nas actuacións que se leven a cabo:

- Manter as rutas de sendeirismo municipais en bo estado de acceso ,conservación, elementos informativos e sinalización durante todo o ano e manter esta información cun lugar preferente na páxina web do concello, actualizada e ben documentada. Xunto con esta actuación poder contar coa información dos diferentes negocios vinculados ao **comercio, hostalería, industrias** e produtores agroalimentarios e turismo do concello que poñan en valor as actividades que aportan maior valor engadido as actividades desta área e que resultan fundamentais para poñer a Touro en primeira liña. Xunto con esta actuación dotar presupostariamente e realizar os trámites oficiais XUNTA de Galicia para o recoñecemento oficial da Ruta do Holandes e do Camiño Histórico como camiños Xacobeos que aporten valor engadido as mesmas e poidan así contar con recoñecemento nas partidas presupostarias as que se poida optar por ter este recoñecemento, o que redundaría nun maior valor económico das actividades de agro- turismo de todo o concello.
- Unido ao anterior, resulta fundamental contemplar nos orzamentos, contar con persoal e medios de xeito continuado durante todo o ano que permita ter en perfecto estado de coidado así como recuperación para o uso e **disfrute dos veciños e veciñas todos os** espazos de propiedade municipal en desuso, vivendas e terreos, dándolles un uso útil e rendible para todo a concello, que pode ser variado dependendo da zona tanto para actividades sociais, culturais, de formación, lúdicas, deportivas, etc. , previa consulta coa veciñanza en cada parroquia.
- Fai anos que moita sinalización de parroquias, aldeas, elementos de patrimonio, etc e distintas zonas do concello atópanse nun estado moi deficiente de mantemento, por elo pedimos que se dote presupostariamente a revisión e limpeza dos letreiros sinalizadores de parroquias e aldeas, realizando unha limpeza dos ilexibles, reparación ou xestión da substitución dos que se atopan en mal estado ou tramitando a xestión coa administración á que corresponda dita sinalización se non fora competencia municipal o poder realizalo. Nalgún casos non se len os nomes dos lugares, noutros os letreiros están medio caídos, torcidos, partidos ou sen algunhas letras, sucios.
- Un elemento fundamental de coidado medioambiental en todo o concello e que debe estar presente nos orzamentos garda relación co tratamento de residuos. Non concello non existe un punto limpo estable e cun horario ao público que permita poder levar residuos que nos contedores de lixo poidan ser depositados, atopámonos así que vemos tirados por distintos puntos mobles, electrodomésticos, etc, está claro que a concienciación e a educación medioambiental é un elemento pouco interiorizado neste concello tanto por quen deposita residuos sen control como por quen ten a obriga de ofrecer servizos públicos para elo e non o realiza. Tendo en conta que o Concello de Touro conta con espazos públicos que se poderían habilitar como zona de punto limpo, tería que terse contemplado nos orzamentos unha partida para esta acción, en pleno século XXI no que o cambio climático e o coidado medioambiental debe estar á orde do día e ser un dos obxectivos prioritarios en cada acción. Ademais deste situación subliñar que convén realizar un adecuado reparto dos contedores de fixa, de xeito equitativo en todas as parroquias, xa que nos atopamos zonas nas que vemos acumulación de contedores excesiva en proporción ás vivendas ás que dan uso e outras con ausencia dos mesmos a pesar de estar poboadas, debendo por tanto asegurarse un reparto igualitario en todas as parroquias, de contedores de orgánico, vidro, papel, aceite usado. Neste senso convén destacar que unha boa parte dos casos os contedores do lixo atópanse sen unha base fixa, o que supón que cando temos temporais, chuvía, vento, andan rulando pola estrada, camiño ou espazo no que se atopan, co conseguinte risco e danos que pode ocasionar,

volcados, etc, por outra parte ao non ter unha base sobre cimentada na que se atopan, nalgúns casos fanse lameiras, que ademais da pésima imaxe, impiden depositar o lixo nunhas condicións dignas e seguras, teñan en conta que moitas persoas maiores e non tan maiores, teñen dificultades de mobilidade e corren risco de caídas ante esas situacións.

- Unido ao anterior humanizar os espazos onde se atopan os contedores de lixo, disimulándoos mediante mamparas que disimulen o impacto visual que teñen, atopamos áreas de contedores en cruces principais dos lugares, ao lado das marquesiñas onde se colle o autobús, coas tapas abertas e o conseguinte mal olor ao todo de onde collen os nenos e nenas o autobús do colexio, cos restos de residuos polo chan, cristais, rodas, etc, podemos ver situacións que dan a impresión de abandono e deixadez, o que no fai que resulte un entorno agradable nin para veciñanza nin para visitantes. En plena ruta do Eurovelo, lugar de paso de turismo podemos ver varias destas situacións por exemplo. Se estes contedores se distribuirán de xeito máis equitativo, con soportes fixos, e mamparas de protección e clamuflaxe ou decoracións (ver imaxe adxunta de exemplo) daría un valor engadido enorme a toda a paisaxe ademais de ser unha medida hixiénica e de protección medioambiental e da saúde, polo que reclamamos que esta cuestión se teña en conta nos orzamentos deste ano e se leve a efecto en todas as parroquias. Nalgunhas zonas os contedores e as marquesiñas do autobús estean pegados, en estado lamentable e pouco hixiénico e ofrecendo unha lamentable imaxe, son cuestións que precisan de ser debidamente organizadas e coidadas. As marquesiñas ademais de servir para agardar o autobús son puntos de encontro e descanso da veciñanza que sae a facer exercicio ou transita polas aldeas, o que fai que sexa preciso que sexan conservadas en bo estado, o deterioro dalgunhas é máis que evidente, outras non teñen nin asentos, outras non dispoñen de base cimentada polo que se fan lameiras, etc.

2. O P.A.I. del Concello de Touro é un servizo asistencial e educativo para os nenos e nenas de 3 meses a 3 anos, que figura cun horario de atención de 8 a 15 horas, co obxectivo de prestar atención e apoio a nais, pais, titores dos menores cando concorran circunstancias que lles impidan o seu coidado, tratando sempre de conciliar a Vida familiar e laboral, converténdose así nun instrumento de desenvolvemento rural. Este obxectivo co horario que figura de atención non é posible cumprilo, dado que aqueles pais e nais que teñen turnos partidos de mañá e tarde, ou aínda sendo solo de mañá non dan chegado á hora de peche en tempo para recollida ou pola maian teñen que saír antes de que estea aberto, e vense na obriga de non poder ter esa conciliación, tendo que destinar recursos económicos ou doutras características para poder solucionar este problema, ou véndose na obriga de acudir a este servizo noutra localidade ou mesmo trasladarse a vivir a outro concello que lles poida ofrecer unha solución que lles permita poder manter o traballo e ter fillos.

Por outra parte o persoal auxiliar do PAI vese reducido considerablemente por estas circunstancias e tendo contratos precarios, de xornadas reducidas e contratos que non van máis aló de 6 meses, o que impide facer un plan de futuro ante a inseguridade laboral.

Por elo esta proposta solicita que se inclúa nos orzamentos a dotación económica precisa para poder ampliar o horario do PAI ata polo menos ás 18 horas, cumprir así coa normativa que os regula de dispor dun horario amplo: enténdese por horario amplo a atención aos/ás nenos/as por parte do centro cando menos durante 10 horas diarias ininterrompidas, e ampliar así o persoal e as súas condicións laborais a unha xornada completa.

3. Veciños e veciñas de Loxo, xa son moitas as veces que o levan denunciando e todos os que por alí pasamos ou imos de visita, podemos comprobalo, xa se falou máis dunha vez cos responsables municipais deste tema comprometéndose a solucionalo, pero sigue a ser unha reivindicación continuada dos veciños e veciñas e dos que por alí pasamos ou imos de visita, que sofren de cotío o mal olor procedente das actividades da planta de residuos dos terreos

da mina, xa son varias as veces nas que solicitaron unha estación de medición de calidade do aire para que polo menos poidan saber que están a respirar e que o concello vele pola saúde dos veciños e veciñas e de quen visite as nosas terras, algo que a pesar de terse comprometido a solucionalo en anos non hai solución. Non é costoso e que ben podería ser contemplado nos orzamentos e implementalo no 2021 dando así por cumprido unha petición veciñal que é constante, solo é ter vontade real de velar polo benestar e a saúde das persoas.

4. Se as comunicacións por estrada é algo fundamental para que un concello poida estar ben comunicado e por tanto contribuír a que a as empresas e poboación poida permanecer e medrar, atraer poboación en definitiva e evitar o despoboamento, e tamén axudar a crear emprego na zona, non menos importante son as comunicacións de telefonía agora que por exemplo co COVID-19 vimos que moitos negocios tiveron que poñerse ao día da venta on line, e de tantas outras xestións que cada vez máis os cidadáns temos que facer exclusivamente por vía on line: trámites coa administración, compras, vendas, xestión cos bancos, xestións coa seguridade social, pedir cita para o médico e mesmo as consultas médicas, ... pero todo elo se contas con internet e cunha rede de conexión que permita poder facer ditos trámites de xeito áxil e sen cortes e interrupcións, por elo esta derradeira petición é para que o concello dote orzamentariamente e poña como obxectivo nas súas xestións conquistar un concello cunha rede de fibra óptica en todas as parroquias, nalgunha non chega tan sequera a liña de telefonía fixa á casa, algo que en pleno século XXI debe ser xestionado sen mais demora se queremos que Touro sexa un concello deste século e que aquí se queira quedar a xente a vivir e traballar e que veña moita máis a facelo.

Acompañamos a este escrito algunhas imaxes da situación actual dalgúns dos aspectos indicados como un pequeno exemplo.

Nas peticións formuladas non se indican partidas orzamentarias e contías, xa que moitas son cuestión de organización do traballo e de xestión do equipo de goberno, que posibilite a procura de axudas precisas e encamiñalas aos obxectivos propostos, son uns primeiros obxectivos sinxelos e alcanzables para 2021, se existe intención e interese real por levalos adiante e camiñar na mellora así das condicións da veciñanza e dos que visiten Touro.“

Así mesmo, constan as reclamacións presentadas por:

- a) Escrito de alegacións o orzamento 2.021 presentado por D^a Lidia Iglesias Vaamonde , na súa calidade de veciña, facendo referencia a inclusión no programa 171 Parque e xardíns unha partida para a humanización do entorno da capela de Augas Santas, a inclusión no programa 171 dunha partida para a restauración do lavadoiro de Oca de Abaixo, a inclusión no programa 1532 de Pavimentación de Vías Públicas para a correcta finalización de obras, a inclusión no programa 1621 de recollida de residuos para a creación dun servizo de voluminosos porta a porta ou punto limpo, a inclusión no programa 1623 tratamento de residuos dunha partida de axudas para adquisición de composteiros domésticos e xornadas formativas sobre reciclaxe e compostaxe. E a inclusión no programa 1623 tratamento de residuos da creación dun punto limpo para o Concello. O escrito foi presentado en data 1 de marzo de 2020.
- b) Reclamacións presentadas por D^a Olaya Valiño Santiso, veciña do Concello, en representación da Asociación de veciños “ O Batán “que en relación coa parroquia de San Tirso de Cornado e relativo o programa 1532 Pavimentación de vías públicas a adecuación da pista de zaborra que baixa dende a Aldea de Subres ata a desembocadura do río Lañas no Ulla, coa correspondente canalización de augas, priorizando a conexión con núcleos de poboación mediante os asfaltados en concreto a reparación da estrada que vai dende o lugar de Cillobre ata o lugar de Gandarón . En relación co programa 414 Desenvolvemento rural, asignación dunha partida de 20.000 euros (1^a fase) para o arranxo da escola parroquial de Cornado sita en Cillobre, dotación dunha marquesiña na parada de autobús

- metropolitano e dotación de bancos nos núcleos de poboación. No programa 169, 151,1623 Alcantarillado, salubridade , dotación da rede de saneamento nos núcleos de poboación de Cornado, incluír unha primeira fase a complementar mediante convenio coa Consellaría de Medio Ambiente ou Augas de Galicia. Escrito presentado o día 27 de febreiro de 2021.
- c) Escrito de reclamacións e alegacións presentadas por D. José Manuel Fernández Vázquez, veciño do Concello, referidas os gastos de persoal , no que se expón o aumento que se ten producido no orzamento nesta materia, representado un 30,5 % do mesmo, facendo unha comparativa tamén cos anos 2.019 e 2.020, e ,manifestando que trae a súa causa na RPT aprobada e nos gastos dunha asesoría xurídica externa que redacta as nóminas do persoal, e TCs facéndose a pregunta se existe un máximo porcentual entre os gastos de persoal e os investimentos. Rexistro de entrada 3-03-2021
- d) Escrito de alegacións o Orzamento do ano 2.021 presentado polo veciño D. José Manuel Fernández Vázquez en relación cos contratos menores e a súa regulación contida no Real Decreto-Lei 3/2020 de 4 de febreiro, e as bases de execución do orzamento (base 11ª), reflectindo o contido do mencionado artigo. Escrito presentado en data 3-03-2021.
- e) Escrito de alegacións presentado por D. José Luis Pereiras Blanco, veciño de Touro en relación a inclusión no programa 151 Urbanismo, Planeamento Xestión . Execución e Disciplina Urbanística unha partida para planear , xestionar e executar unha obra que dote o núcleo dea obra , Foxás dunha infraestrutura de Saneamento e depuración de augas residuais, sen prexuízo de incluír para mesma fin partidas doutros programas. Incluír no programa 1532 Pavimentación de Vías Públicas a reforma da antiga escola de Vilar que funciona como colexio electoral e en estado de abandono. Escrito presentado en data 3-03-2021
- f) Escrito presentado por D. Roberto Castro Rocamonde, en representación do grupo municipal de Marea Veciñal de Touro, sobre alegacións e reclamación a aprobación inicial orzamento 2021 , na que se fai referencia o incremento de gastos de persoal dimensionando o mesmo en termos porcentuais en relación cos anos 2019 e 2020 e 2021, e que neste ano representa o 30,5 por cento do orzamento, poñendo de manifesto a existencia na RPT de vacantes, e a dedicacións remuneradas a membros do goberno, ase mesmo refírese a existencia dun posto funcionarizado referido a Animador/ra cultural, o incumprimento de resolución plenarias en relación co a base de execución 14 referida a subvencións pois tense aprobado polo Pleno a realización dunhas bases de subvencións a entidades sen fins de lucro con dotación orzamentaria e previa a aprobación do proxecto de orzamentos, propoñendo unha redacción alternativa a base 14 no seu punto a), establecendo un límite de 3.000 euros a subvencións a outorgar pola Xunta de Goberno. Ase mesmo fai referencia a cumprir o establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais en relación coa asignación os grupos municipais dos medios materiais e persoais que establece o mencionado regulamento, a necesidade de actualizar a base 11 de execución do orzamento coa nova normativa, e a inclusión no programa 336- protección e Xestión do patrimonio histórico-artístico unha partida para un convenio co grupo de investigación Roman Army para o estudo e posta en valor do campamento romano do Castrillón, e contratar un estudo histórico sobre o castro da Roda na parroquia de calvos, e a mámoa de Cruz de Méndez con sinalización e protección de ámbolos dous elementos, escrito presentado o día 3-03-2021.”

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que este tema é un capricho.

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que non se trata dun capricho senón que é unha cuestión de forma, porque se trata de reclamacións dos veciños.

O señor Alcalde d. Alfredo Souto manifesta que retira a palabra referida a capricho.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao manifesta que se sinte avergonzado porque se están a producir situacións esperpénticas, recoñecendo a súa parte alícuota, especificando que se sinte avergonzado, e que son representantes veciñais, e non están a mellorar o nivel do Concello. En relación coas reclamacións -segue a dicir-, que expresan en termos xerais o que o BNG leva dicindo e facendo fai moitos anos: arranxo de rutas, punto limpo, etc, algo recorrente que expresan necesidades xa postas de manifesto no procedemento de emendas do BNG, no que xa se dixo que o goberno municipal debería tomar nota, das que xa votaron a favor, tan simple e claro como iso, polo que anuncia o voto favorable do seu grupo ás reclamacións.

Pola señora concelleira D^a Gemma V. López, en representación do grupo do PSG-PSOE, manifesta que en liña co manifestado preferiría a votación por separado e parécelle moi ben que a veciñanza aporte alegacións porque implica espírito democrático, e son propostas benvidas que aportan cousas para mellorar a vida do concello, anunciando o seu voto favorable.

Sometidas a votación a admisión a trámite as reclamacións/alegacións presentadas a aprobación inicial do orzamento do ano 2021, prodúcese un empate entre os votos a favor da admisión das mesmas, cinco votos (tres de Marea Veciñal de Touro, un do BNG e un do PSG-PSOE) e os votos en contra (cinco do grupo do PP).

Conforme ao establecido no artigo 100 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais procédese a unha nova votación, na que se produce igualmente un empate de votos a favor da admisión a trámite das reclamacións/alegacións presentadas, cinco votos a favor (tres de Marea Veciñal de Touro, un do BNG e un do PSG-PSOE) e cinco votos en contra (grupo do PP), polo que conforme ao mencionado artigo e tendo en conta o voto de calidade do señor Alcalde, que se ten pronunciado en contra da aceptación da toma en consideración das reclamacións presentadas á aprobación inicial do orzamento do ano 2021, quedan rexeitadas as mesmas e na súa consecuencia aprobado definitivamente o orzamento aprobado inicialmente polo Pleno o día 4 de febreiro de 2021.

IV.- MOCIÓNS DO GRUPO MAREA VECIÑAL DE TOURO.

4.a).- Polo señor concelleiro D. Darío Rey, en representación do grupo Marea Veciñal de Touro, dáse conta da proposta de acordo do seu grupo sobre “Adquisición de carpas para usos múltiples”, que textualmente di:

“O Concello de Touro ven utilizando fondos propios dende fai anos para o aluguer de carpas. A utilización destas carpas responde a necesidades en eventos festivos que se celebran de xeito periódico e regular. As celebracións do entroido, a festa da terceira idade ou a Festa dos Rixóns de Cornado son eventos fixos no calendario que permiten anticipar as necesidades.

Actualmente o concello está gastando 450€ mensuais no aluguer dunha carpa. A adquisición de carpas propias traduciríase nun aforro para as arcas municipais e proporcionaríalle un maior servizo á veciñanza.

Polo exposto, solicitamos o acordo do pleno á seguinte RESOLUCIÓN:

1. Que o Concello de Touro adquira carpas, de diferentes dimensións, para uso dos servizos municipais e de entidades veciñais.”

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que na actualidade estase a alugar unha carpa cun gasto periódico e regular que custa 450 euros ao mes, facendo unha comparativa do que suporía no ámbito empresarial facer un aluguer que custaría máis que comprar a carpa, polo que -manifesta- non ten sentido non mercala, sendo beneficioso para o Concello a compra das carpas conforme se expón na proposición que somete á aprobación, solicitando o voto favorable á proposta.

Pola señora concelleira D^a Adela Iglesias Tojo, en nome do grupo do Partido Popular, maniféstase que se levou uns meses coa carpa alugada, especificando que o seu grupo cre que é mellor alugalas que telas en propiedade polo problema do mantemento e do lugar para gardalas, polo que o seu grupo votará en contra da proposta.

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que o discurso escrito plantea problemas porque non se pode adaptar á flexibilidade dun discurso, especificando que non se trata de comprar 40 carpas senón de comprar carpas por módulos, poñendo de manifesto que a cuestión do persoal non pode ser unha escusa por estarse a utilizar persoal para lacería por exemplo.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao, en nome do grupo do BNG, manifesta que non ten claro o que podería resultar máis económico ou o gasto anual do aluguer de carpas ou a súa compra, tendo en conta os anos de vida útil que poderían ter, pero aínda con reservas anuncia o voto favorable do seu grupo, aínda que non ten datos suficientes sobre o aforro que se podería producir.

Pola señora concelleira D^a Gemma V. López, en nome do grupo do PSG-PSOE, manifesta que o seu grupo xa tiña solicitado a instalación dunha carpa no Centro de Saúde, polo que entende que se debería adquirir para este tipo de cuestións, polo que habería que facer un estudo económico para saber canto podería costar o seu mantemento, polo que entende que para este tipo de acto sería bo adquirir unha, anunciando o voto do seu grupo a favor.

Sometida a votación a proposta para adquisición de carpas para usos múltiples, prodúcese un empate entre os votos a favor das reclamacións, cinco votos (tres de Marea Veciñal de Touro, un do BNG e un do PSG-PSOE), e os votos en contra (cinco do grupo do PP).

Conforme ao establecido no artigo 100 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais procédese a unha nova votación, na que se produce igualmente un empate de votos a favor de aprobar a proposta (tres de Marea Veciñal de Touro, un do BNG e un do PSG-PSOE) e de votos en contra (cinco do grupo do PP), polo que conforme ao mencionado artigo e tendo en conta o voto de calidade do señor Alcalde, que se ten pronunciado en contra da aprobación da proposta, queda rexeitada a mesma.

4.b).- Proposición para coñecer a afección das inmatriculacións de bens a favor da Igrexa ao abeiro da reforma da Lei hipotecaria 1998-2015 sobre bens ou investimentos públicos:

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro, en nome do grupo Marea Veciñal de Touro, dáse conta da proposta sobre a afección das inmatriculacións de bens a favor da Igrexa ao abeiro da reforma da Lei hipotecaria 1998-2015 sobre bens ou investimentos públicos, que textualmente di:

“En datas recentes fixéronse públicas as inmatriculacións de bens no noso termo municipal en favor do Arcebispado de Santiago de Compostela, feitas sen título entre os anos 1998 e 2015 ao abeiro da modificación da Lei Hipotecaria vixente neste período.

É o deber das Entidades Locais defender o dereito público dos bens e investimentos públicos.

Polo exposto, solicitamos o acordo do pleno á seguinte RESOLUCIÓN:

1.- Que polo Concello de Touro se elabore informe que acredite que as referidas inmatriculacións non afectan a bens de uso público sobre os que o Arcebispado de Santiago non posuía título habilitante.

2.- Que polo Concello de Touro se elabore informe dos posibles investimentos feitos por este en bens inmatriculados a favor do Arcebispado neste período.”

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que unha proposición non de lei fixo pública a relación de bens inmatriculados pola Igrexa Católica, que ten a súa orixe nunha norma que habilitaba que as corporacións de dereito público e a Igrexa Católica podían, sen título de dominio sobre bens inmobles, inmatricular ao abeiro dunha certificación que no caso da Igrexa Católica correspondería ao Arcebispado.

No Concello de Touro -segue a manifestar o señor concelleiro D. Roberto Castro- inmatricularon un bo lote de inmobles, esta modificación da lei estivo en vigor ata a reforma de 2020 que cortou a senda aberta pola cal a Igrexa podía inscribir equiparando as dioceses coas notarías ou funcionarios dos concellos (Secretarios) na inmatriculación de inmobles sen título, polo que se solicita:

- Que polo Concello de Touro se elabore informe que acredite que as referidas inmatriculacións non afectan a bens de uso público sobre os que o Arcebispado de Santiago non posuía título habilitante.
- Que polo Concello de Touro se elabore informe dos posibles investimentos feitos por este en bens inmatriculados a favor do Arcebispado neste período

Polo señor concelleiro D. Xoán A. Louzao, en nome do grupo do BNG, maniféstase que a Igrexa ten inmatriculado 99 propiedades dentro do Concello, delas 67 en Andeade, chamando a tención que se inclúan fincas, aparcamentos, etc, cunha certificación eclesiástica, sen que haxa título habilitante, sendo moi posible que haxa algunha que puidera ser inapropiada polo que anuncia o voto a favor do seu grupo á proposta.

Pola señora concelleira D^a Gemma V. López, en nome do grupo do PSG-PSOE, anúnciase o voto favorable do seu grupo á proposta.

O señor Alcalde manifesta que xa se está facendo ese traballo, como por exemplo no caso de Prevediños.

O señor Xoán A. Louzao manifesta que hai prazos e hai que actuar previamente, sendo preciso facelo canto antes.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que o voto do seu grupo será en contra.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que o tema de Prevediños non pinta nada aquí. A cuestión é que se está facendo, pero non se está facendo nada, igual que nos últimos 30 anos non inmatricularon nada no Concello mentres o Arcebispado inmatriculou 99, poñendo como exemplo que non se ten inmatriculado o terreo no que se está celebrando o Pleno, e que soamente teñen inmatriculado o que outorgou a concentración parcelaria, mentres a Igrexa puxo o seu nome espazos públicos, especificando que o señor Alcalde coñecedor diso, non fixeron nada e agora van a remolque dilapidando diñeiro público e vaise esgotar o prazo e o Concello vaise a quedar sen eses bens, e que ninguén se crea o seu rolo, posto que a Igrexa inmatriculaba bens e o Concello non inmatriculou nada.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que o seu grupo realiza as cousas que os veciños lles demandan e consideran que non é unha prioridade a proposta que se está a debater.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que debe pronunciarse sobre se é prioritaria a proposta de inscribir os bens do Concello.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que o seu grupo vaise mover por onde se mova a veciñanza.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que non fixeron nada mentres outros poñían os bens ao seu nome pola súa inactividade.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que de momento non van a aprobar a proposta.

Sometida a votación a proposta sobre a afección das inmatriculacións de bens a favor da Igrexa ao abeiro da reforma da Lei hipotecaria 1998-2015 sobre bens ou investimentos públicos, prodúcese

un empate entre os votos a favor das reclamacións, cinco votos (tres de Marea Veciñal de Touro, un do BNG e un do PSG-PSOE), e os votos en contra (cinco do grupo do PP).

Conforme ao establecido no artigo 100 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais procédese a unha nova votación, na que se produce igualmente un empate de votos a favor de aprobar a proposta (tres de Marea Veciñal de Touro, un do BNG e un do PSG-PSOE) e de votos en contra (cinco do grupo do PP), polo que conforme ao mencionado artigo e tendo en conta o voto de calidade do señor Alcalde, que se ten pronunciado en contra da aprobación da proposta, queda rexeitada a mesma.

4.c).- Proposición para a implementación dunha campaña de benestar animal no Concello de Touro:

Polo señor concelleiro D. José Luís Ramos, en nome do grupo Marea Veciñal de Touro, dáse conta da proposta do seu grupo sobre implementación dunha campaña de benestar animal no Concello que textualmente di:

“A lei 4/2017 do 3 de Outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, establece como obrigatoria a identificación mediante microchip dos cans. A día de hoxe no noso concello, como no resto da comunidade galega, isto non se cumpre. A veces ocorre por descoñecemento e outras polo custe económico que supón. A administración local, a máis próxima, debe dar a coñecer esta normativa e impulsar políticas que beneficien aos veciños e faciliten o cumprimento da normativa.

A sobrepoboación por mor de camadas non desexadas é outro dos problemas aos que se enfrenta a nosa veciñanza. O custe económico da esterilización tamén supón un problema para moitas familias que non dispoñen dos recursos ou que están nunha situación difícil a nivel económico, aínda máis se cabe no contexto actual e dos próximos anos dada a crise económica.

Polo exposto, solicitamos o acordo do pleno á seguinte RESOLUCIÓN:

1- Que o Concello de Touro implemente unha campaña de identificación mediante microchip e esterilización de cans e gatos a través dunha colaboración cunha Asociación Protectora de Animais que lle outorgue á veciñanza interesada grandes descontos.

2- Que o Concello de Touro asuma o custe da esterilización e identificación mediante microchip daquelas mascotas pertencentes a familias que estén nunha situación de vulnerabilidade económica ou en risco de exclusión social logo de informe favorable de Servizos Sociais.”

Pola señora concelleira D^a Adela Iglesias, en nome do grupo do PP, maniféstase que o Concello está tratando o tema co Refuxio de animais e non se ten previsto establecer un control mediante microchip, anunciando o voto en contra do seu grupo.

O señor concelleiro D. José Luís Ramos manifesta que se trata de evitar camadas non desexadas e fillos de cas sen dono, propónse que se asuma o custe da esterilización e identificación de microchip das mascotas pertencentes a familias que estean nunha situación de vulnerabilidade económica ou en risco de exclusión social, trátase de protexer ós animais co obxecto de que non se produzan camadas.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao, en nome do BNG, manifesta que está de acordo co primeiro punto da proposta e ten máis dúbidas co segundo punto, por canto que o seu grupo non ve que se trate dunha emerxencia social para terlle que pagar os microchip das mascotas, tendo en conta a situación económica na que nos encontramos, anunciando a abstención do seu grupo, porque non ve claro o punto segundo da proposta.

Pola señora concelleira D^a Gemma V. López, en nome do grupo do PSG-PSOE, maniféstase que as situacións de vulnerabilidade aplicadas a este caso non son unha prioridade, entendendo que

habería que aplicalas a outro tipo de cuestións como por exemplo cubrir as necesidades por parte das familias, o que non quere dicir que non lle dea importancia a moción, entendendo que hai outras necesidades máis prioritarias, sobre todo referido ao segundo punto da proposta, anunciando a abstención do seu grupo.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que non se trata unha cuestión económica senón de que o grupo do PP non vai aprobar calquera proposta do grupo de Marea Veciñal de Touro, porque a cuestión económica non se xustifica.

Así mesmo -segue a dicir o señor Roberto Castro- a cuestión económica non está xustificada neste caso porque pódese facer unha comparativa co salario que cobra a Concelleira de cultura que sabe perfectamente canto custa levar un animal a unha canceira, e que está sobradamente claro que o método preventivo é o máis eficaz para que os animais non acaben mortos, sendo a proposta do seu grupo no medio prazo moito máis económica, pero está claro que non son capaces de facer esas contas.

Sometida a votación a proposta do grupo Marea Veciñal de Touro sobre implementación dunha campaña de benestar animal no Concello de Touro, o Pleno, por tres votos a favor (grupo Marea Veciñal de Touro), cinco en contra (grupo PP) e dúas abstencións (grupos BNG e PSG-PSOE), rexeita a proposta.

4.d).- Proposición para a adquisición de columnas para arranxar e limpar bicicletas no entorno da ruta Eurovelo-3-Ruta de peregrinos:

Polo señor concelleiro D. Darío Rey, en nome do grupo Marea Veciñal de Touro, dáse conta da proposta sobre adquisición de columnas para arranxar e limpar bicicletas no entorno da ruta Eurovelo-3-Ruta de peregrinos, que textualmente di:

“A finalización da sinalización da ruta EuroVelo 3 vai supoñer un incremento notable do tránsito de cicloturistas no noso concello, unha vez que mude a situación sanitaria actual. O impacto económico desta ruta europea dependerá en boa parte dos servizos que se outorguen no noso concello para acoller a estes turistas. Faise necesaria unha pequena infraestrutura para que os cicloturistas poidan arranxar pequenos pinchazos e hinchar as rodas. Tendo en conta o tramo da ruta que pasa polo concello e a necesidade de converterse nun punto de referencia, consideramos que para ofrecer un bo servizo deberíanse implementar tres columnas de reparación ao longo do concello.

Polo exposto, solicitamos o acordo do pleno á seguinte RESOLUCIÓN:

1. Que o Concello de Touro adquira e instale columnas de reparación e limpeza de bicicletas no entorno da ruta Eurovelo 3- Ruta dos Peregrinos.”

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que se trata de cuestións de sobre un trazado da ruta Eurovelo-3 que podía traducirse nunha modificación de trazado por carecer de servizos e deixaría de pasar por Touro, porque en Arzúa non ha problemas de servizos, pero Touro non ten nada, polo que é evidente que é preciso que a existencia da ruta debe traducirse en beneficios para o Concello, polo que hai que introducir cuestións diferenciadoras, que fagan que haxa bos servizos coma noutros concellos, entendendo como unha oportunidade que o Eurovelo discorra polo concello, a eses efectos proponse que sería preciso situar columnas de reparación e lavado para bicicletas, especificando que eses servizos tamén os hai en concellos que non teñen Eurovelo e que non é caro, sobre 2.000 euros.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que ten un orzamento de 6.000 euros e que hai que ter en conta que haberá que facer mantemento e reparacións.

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que lle parece un gasto comedido, que non é unha gran inversión e que é cuestión de vontade.

A señora concelleira D^a Adela Iglesias, en nome do grupo do PP, manifesta que neste momento as rutas están paradas e cando empecen de novo poñeranse os medios.

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que se trata de dotar os medios necesarios baixo o principio de anticipación, así mesmo especifica que o señor Alfredo Souto ten a oportunidade de romper o equilibrio a prol dos intereses xerais e en contra da pouca templanza da concelleira de Cultura, considera que é algo importante para o concello solicitándolle o voto de calidade.

Polo señor concelleiro D. Xoán A. Louzao, en representación do grupo do BNG, maniféstase que están a favor da proposta.

Pola señor concelleira D^a Gemma V. López, en nome do grupo do PSG-PSOE, maniféstase que o seu grupo está a favor da proposta.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que neste momento non hai movemento, que ven pouca xente, entendendo que é unha cousa boa para o Concello, polo que estudarán a proposta.

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que na proposta non se di que ten que ser mañá, especificando que vota en contra porque lle manda a Concelleira de Cultura.

Sometida a votación a proposta sobre a adquisición de columnas para arranxar e limpar bicicletas no entorno da ruta Eurovelo-3-Ruta de peregrinos, prodúcese un empate entre os votos a favor das reclamacións, cinco votos (tres de Marea Veciñal de Touro, un do BNG e un do PSG-PSOE), e os votos en contra (cinco do grupo do PP).

Conforme ao establecido no artigo 100 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais procédese a unha nova votación, na que se produce igualmente un empate de votos a favor de aprobar a proposta (tres de Marea Veciñal de Touro, un do BNG e un do PSG-PSOE) e de votos en contra (cinco do grupo do PP), polo que conforme ao mencionado artigo e tendo en conta o voto de calidade do señor Alcalde, que se ten pronunciado en contra da aprobación da proposta, queda rexeitada a mesma.

4.e).- Proposición para que incorporen ao Banco de Terras as masas comúns da concentración parcelaria de Touro-Quión:

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro, en nome do grupo de Marea Veciñal de Touro, dáse conta da proposición relativa á incorporación ao Banco de Terras das masas comúns da concentración parcelaria de Touro-Quión, que textualmente di:

“A día de hoxe, os terreos de Masa Común resultantes do proceso de concentración parcelaria da zona de Touro-Quion e que non foron cedidos ao Concello, non foron aínda incorporados ao Banco de Terras. Polo tanto, estes terreos non están dispoñibles para o seu arrendamento; como tampouco Administración competente está a facer labor algún sobre os mesmos.

Polo exposto, solicitamos o acordo do pleno á seguinte RESOLUCIÓN:

1.- Solicitar ao AGADER que incorpore ao Banco de Terras os predios de Masa Común da concentración de Touro-Quion, con anuncio do mesmo.”

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro maniféstase que non se ten incorporado ao Banco de Terras as masas comúns da concentración parcelaria de Touro-Quión e AGADER non está facendo a xestión da incorporación, e estase vendo que por parte da Xunta de Galicia estase ameazando con facerse coas fincas en estado de abandono, polo que se solicita que se inste a AGADER para que se incorpore ao Banco de terras para que se poñan a disposición dos veciños para o seu aluguer.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que o seu grupo vai votar en contra porque esa incorporación xa está prevista.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao, en nome do grupo do BNG, manifesta que o seu grupo votará a favor da proposta.

A señora concelleira D. Gemma V. López, en representación do grupo do PSG-PSOE, manifesta que o seu grupo está a favor da proposta.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que o grupo de goberno non é consciente do que vota, que non se molestaron, que están cobrando por facer xestións coma esta, que xa teñen a proposta desde hai unha semana e non se preocuparon de cal é a situación, nin preguntaron no AGADER cal é a anomalía para que non se incorporen, cando xa se teñen incorporadas outras. Trátase de instar ao Banco de Terras para que incorporen esas fincas porque levan uns cantos anos sen incorporarse.

O señor alcalde D. Alfredo Souto manifesta que esas masas pasan automaticamente ao Banco de Terras.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que se trata de non facer nada, con tres Xuntas de Goberno ao mes e unha concelleira con dedicación, solicitando que se recoñeza que non fan nada e que teñen a vontade de facer polo menos algo.

Sometida a votación a proposta sobre a incorporación ao Banco de Terras das masas comúns da concentración parcelaria de Touro-Quión, prodúcese un empate entre os votos a favor das reclamacións, cinco votos (tres de Marea Veciñal de Touro, un do BNG e un do PSG-PSOE), e os votos en contra (cinco do grupo do PP).

Conforme ao establecido no artigo 100 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais procédese a unha nova votación, na que se produce igualmente un empate de votos a favor de aprobar a proposta (tres de Marea Veciñal de Touro, un do BNG e un do PSG-PSOE) e de votos en contra (cinco do grupo do PP), polo que conforme ao mencionado artigo e tendo en conta o voto de calidade do señor Alcalde, que se ten pronunciado en contra da aprobación da proposta, queda rexeitada a mesma.

4.f).- Polo señor concelleiro D. Roberto Castro, en nome do grupo de Marea Veciñal de Touro, anúnciase a retirada da proposta sobre a actualización do financiamento do servizo de axuda no fogar pola Xunta de Galicia por existir coincidencia con outra proposta do grupo do PSG-PSOE.

V.- MOCIÓN GRUPO BNG.

5.a).- Moción BNG sobre transferencia da AP-9 A Galiza

Polo Sr. Concelleiro D. Xoan Louzao, en representación do grupo do BNG, dáse conta da moción relativa á transferencia da AP-9 a Galicia.

Pola Sra. Concelleira D.^a Adela Iglesias en representación do grupo do PP, maniféstase que o seu grupo presenta unha enmenda ao texto da moción do BNG engadindo ao mesmo os seguintes termos: "...Cos recursos necesarios para acometer as obras pendentes, manter as bonificacións comprometidas e garantir a súa axeitada xestión".

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao manifesta que a transferencia da AP-9 ven dun acordo do BNG co PSOE na investidura e despois de moitas mobilizacións do BNG, que agora mesmo estanse a referir ao tramo de Rande.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que o seu grupo presenta unha emenda á proposta.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao manifesta que vai aceptar a emenda, aínda que lle sorprende moito porque se se fai un recorrido sobre a historia da transferencia da AP-9 vese que foi o señor Aznar o que prorrogou a concesión ata o ano 2048 e Ana Pastor en 2014 rexeitou a solicitude de

transferencia porque dixo que lle correspondía ao Ministerio de Administracións Públicas e non ao de fomento, por iso lle sorprende a posición do grupo do PP.

Polo señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que a emenda leva a gaviota do PP o que acredita o carácter de sucursal do grupo do PP, especificando que lle parece curioso que estean a favor cando se ten outorgado unha prórroga vitalicia, que se ten dado desde Madrid, e agora hai que arranxalo con cartos públicos, anunciando o voto favorable do seu grupo.

O Pleno por unanimidade acorda introducir a emenda no texto proposto polo grupo do BNG e sometido a consideración do Pleno a mesma na que se establece que:

“A AP9, a autoestrada do atlántico, é a principal arteria de comunicación de Galiza, unha vía estratéxica que cruza o país de norte a sur, articulando un territorio no que se asenta máis do 70% da poboación e a meirande parte da actividade económica do país.

A pesar da súa importancia estratéxica, esta infraestrutura ten unhas tarifas desorbitadas que teñen que soportar a diario arredor de 22.000 galegos e galegas. Esta peaxe abusiva é un verdadeiro lastre para a economía das persoas e das empresas do noso país.

A historia da AP9 é a crónica dunha discriminación con Galiza, que nos ten costado miles de millóns de euros en peaxes.

Cómpre lembrar que a concesión desta autoestrada remataba en 2013, e que, se aínda temos que seguir pagando polo seu uso, é porque esta foi ampliada por parte dos distintos gobernos do Estado -dez anos polo goberno de Felipe González en 1994 e 25 anos por parte do goberno de José María Aznar en 2000-. A maiores, en 2003, o goberno de Aznar vendería co beneplácito da Xunta - da que era concelleiro de Ordenación do Territorio, o actual Presidente, Núñez Feijóo-, a autoestrada por un prezo ridículo .

Como consecuencia destas decisións políticas, hoxe Galiza conta non só cunha das autoestradas máis caras do Estado senón tamén coa concesión máis longa posíbel, 75 anos, até 2048. Así, mentres na Galiza pagamos as peaxes máis caras, a práctica totalidade das autoestradas do Estado ou son de balde ou o serán en breve. O que supón un forte impacto económico para as arcas de miles de traballadores e traballadoras e un lastre á competitividade das nasas empresas é, á súa vez, un suculto negocio para a empresa concesionaria, que en 2019 recadou 153 millóns de euros, uns 420.000 euros diarios.

A loita social e institucional para poñer fin a este abuso vén de lonxe. En abril de 2016, o Parlamento de Galiza aproba por unanimidade, a instancias do BNG, a Lei para a transferencia da AP9 a Galiza, que sería vetada pola Mesa do Congreso o 13 de decembro dese mesmo ano. O mesmo veto tería o novo proxecto de Lei impulsado polo BNG a comezos de 2017 e aprobado polo parlamento galego en maio de 2017.

Quedaba claro que se trataba dun veto político, disfrazado de razóns técnicas e orzamentarias. E para deixalo máis evidente, ao tempo que se vetaba a transferencia e o rescate da AP9, o goberno do Estado aprobaba a principios do 2018 o rescate de 8 autoestradas de peaxe ruinosas, entre elas as radiais madrileñas. Unha decisión que tería un custo para as arcas do Estado de máis de 4.000 millóns de euros. Non había diñeiro público para rescatar a AP9, mais si o había para salvar ás construtoras e á banca que construíron e xestionaron autoestradas ruinosas.

Por fin, o 2 de febreiro do presente ano o Congreso aproba, por ampla maioría, a toma en consideración da Lei de Transferencia de Titularidade e Competencias da Autoestrada AP9.

Desde o BNG consideramos que a transferencia é un primeiro paso para acabar cunha discriminación histórica, e é necesario que se realice libre de cargas, que sexa rescatada polo Estado de igual maneira que se rescataron no seu día as radiais madrileñas.

Mentres a tramitación desta Lei non conclúa -algo que debería ter lugar no actual período de sesións-, é preciso que se efective canto antes a rebaixa das peaxes da AP9 comprometidos no acordo de investidura co BNG. Unhas rebaixas históricas só pendentas de efectivizarse, e para o que o goberno do Estado dispón de 54,9 millóns de euros nos orzamentos de 2021.

O Pleno por unanimidade acorda:

Primeiro.- Instar á Mesa do Congreso e ás forzas políticas con representación nesa institución a aprobar definitivamente a lei de Transferencia da AP9 a Galiza no actual período de sesións.

Segundo.- Instar ao Goberno do Estado a facer efectiva de xeito inmediato a rebaixa das peaxes da AP9.

5.b).- Moción sobre regulación da compensación polo encoro Nº 1 de Brandariz:

Polo señor concelleiro D. Xoán A. Louzao, en nome do grupo do BNG, dáse conta da proposta do seu grupo relativa á regulación da compensación polo encoro Nº 1 de Brandariz, que ven dunha cláusula do convenio no que se establece unha aportación económica anual, igual á liquidación do imposto do IAE do salto Nº 1 de Brandariz, cantidade que non se está cobrando actualmente.

Para poñer en cuestión o tema -segue a dicir o señor Xoán A. Louzao- o salto ten un IAE de 17.000 euros polo que hai que compensar 17.000 euros, pero cunha facturación de máis de catro millóns de euros están a pagar 37.000 ao Concello entre IAE e o IBI, sendo así que o concello está deixando de cobrar 7.000 euros, especificando que o que se está a facer non é o que asinaron polas partes, especificando que non se debe confundir o que se está a cobrar co que está a dicir o acordo no que se especifica que a empresa compensará co IAE que se liquida por estar ubicadas as instalacións no Concello de Vilar de Cruces, polo que se solicita que se comprobe para determinar cal é a contía que se ten que liquidar pola empresa ao Concello de Touro.

Polo señor concelleiro D. José Luís Ramos, en nome do grupo Marea Veciñal de Touro, maniféstase o voto favorable do seu grupo á moción.

Pola señor concelleira D^a Gemma V. López, en nome do grupo do PSG-PSOE, maniféstase o voto favorable do seu grupo.

Polo señor Alcalde D. Alfredo Souto maniféstase que o seu grupo votará a favor da proposta.

Sometida a votación a proposta, o Pleno, por unanimidade, acorda realizar as comprobacións correspondentes para determinar cal é a contía que en concepto de I.A.E. liquida a empresa propietaria do encoro nº 1 de Brandariz, para esixirlle a dita empresa o pago a favor do concello de Touro da compensación económica equivalente.

5.c).- Realización de actividades culturais polas parroquias:

Polo señor concelleiro D. Xoán A. Louzao, en nome do grupo do BNG, dáse conta da moción relativa á realización de actividades culturais polas parroquias, que textualmente transcrita di:

“Nos orzamentos municipais do ano 2020 incluíase, no orzamento de gastos, unha partida de 40.100€ para festas e festexos populares (programa 338). Así mesmo nas súas bases de execución recollíase que cada parroquia recibiría 300€ por celebración de festas patronais e 91 € por magosto. Así como 902€ para aquelas que realicen actividades de entroido.

As restricción derivadas da declaración do estado de alarma en marzo de 2020 como consecuencia da pandemia causada polo covid-19, impediron, a partir desa data, a celebración de verbenas e magostos así como tamén do entroido do actual 2021.

Por tal motivo a partida adicada a subvencionar estas actividades quedou maioritariamente sen executar, pasando a formar parte do remanente do concello.

Por outra banda a situación de crise económica que está a provocar esa pandemia levou a que por acordo do congreso dos deputados de 20 de outubro de 2020, se declare a situación de emerxencia extraordinaria quedando en suspenso os obxectivos de estabilidade orzamentaria, endebedamento financeiro e aplicación da regra do gasto para 2020 e 2021, que impedían até ese momento o uso do remanente das entidades locais.

En consecuencia, na actualidade non existe limitación legal para utilizar a remanente de anos anteriores por parte do concello alomenos durante o presente exercicio 2021.

Consideramos que unha parte destes fondos se debe utilizar en actuacións para apoiar ao sector cultural galego, sobre os que a pandemia está tendo uns efectos letais, ademais de axudar a poñer en valor todo o seu potencial creativo, proxectando un discurso cultural propio que estimule a participación cidadá e apoie a creación artística.

Por tal motivo e polo que dende Grupo Municipal do BNG, se solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1º O concello de Touro destinará os fondos procedentes das partidas do programa 338 do orzamento 2020, previstos para festas e festexos populares que non foron executadas, para a realización de actividades culturais polas parroquias durante o actual exercicio 2021.

2º Para tal motivo deseñará un programa de actividades en diferentes ámbitos culturais (música, ao vivo, artes escénicas, obradoiros,...) primando, de ser posible, a contratación de artistas do propio concello.

3º En todo caso as actividades desenvolveranse tendo en conta as limitacións que en cada momento se deriven da evolución da pandemia da covid-19.”

Polo señor concelleiro d. Xoán A. Louzao maniféstase que ten quedado como remanente gastos non executados, polo que a proposta trata de utilizar o mesmo en actividades culturais polas parroquias, posto que, ademais, hai artistas de relevancia no concello como pintores, modelistas, etc.

Pola señora concelleira D^a Adela Iglesias, en nome do grupo do PP, maniféstase que hai moi poucos nenos para estas actividades culturais, hai moi poucos menores, polo que non ve viable a proposta.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao manifesta que non se trata soamente de actividades para nenos, trátase de actividades culturais en xeral, non se trata de verbenas, trátase de dinamizar e promover as actividades culturais nas parroquias.

O señor concelleiro D. Roberto Castro, en nome do grupo de Marea Veciñal de Touro, manifesta que o seu grupo vai votar a favor, especificando que non coñece o remanente posto que non hai conta xeral, manifestando que está de acordo coa finalidade, sendo clarificadora a psoción da señora portavoz da que se pode dicir que ten fracasado na súa xestión cultural, fracaso na programación cultural, polo que terá que revisar esta cuestión.

Pola señora concelleira D^a Gemma V. López, en nome do grupo do PSG-PSOE, maniféstase que o seu grupo cando acabou o confinamento volveu a reivindicar o tema das actividades culturais, coa aportación de sistemas alternativos ou calquera outro tipo de actividades nas parroquias, sen que necesariamente fora a través de contacto físico tendo en conta as necesidades sanitarias esixibles, reivindicando poñer vida ós locais sociais, puntos de encontro para as persoas maiores, etc, especificando que hai moitas maneiras de poñer en valor as actividades culturais para que a xente

participe, anunciando o voto a favor do seu grupo, non podéndose abandonar a cultura, non existindo escusas neste caso.

Polo señor Alcalde D. Alfredo Souto maniféstase que o seu grupo votará en contra, especificando que non lle parece mala idea, pero que esas actuacións faraaas o seu grupo.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao manifesta que lle parece increíble que non se acepte a proposta porque é aberta a que podería incluírse na po programa de actividades e que podería estar ben.

Sometida a votación a moción do grupo do BNG sobre realización de actividades culturais polas parroquias, prodúcese un empate por cinco votos a favor (tres de Marea Veciñal de Touro, un do BNG e un do PSG-PSOE) e cinco en contra (grupo do PP) sobre a mencionada proposta.

Sometida novamente a votación conforme ao establecido no artigo 100.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, prodúcese novamente empate na votación por cinco votos a favor (tres de Marea Veciñal de touro, un do BNG e un do PSG-PSOE) e cinco en contra (grupo do PP), rexeitándose a mesmas polo voto de calidade do señor Alcalde, por ser este en contra da mesma.

VI.- MOCIÓN DO GRUPO PSG-PSOE.

6.a).- Moción sobre financiamento Servizo de axuda no fogar:

Pola señora concelleira D^a Gemma V. López, en nome do grupo do PSG-PSOE, maniféstase o agradecemento ao grupo de Marea Veciñal de Touro pola retirada da moción coincidente coa súa.

Pola señora concelleira dáse conta da moción do seu grupo sobre financiamento do Servizo de axuda no fogar, facendo fincapé en que desde o ano 2012 a aportación da Xunta está conxelada, incorporando a súa proposta que o prezo/hora se axuste a realidade actual e que a diferenza se poida empregar noutros gastos, solicitando na proposta o traslado da mesma á Xunta, Parlamento de Galicia e FEGAMP.

Pola señora concelleira D^a Adela Iglesias, en nome do grupo do PP, maniféstase que o voto do seu grupo será a favor.

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro, en nome do grupo Marea Veciñal de Touro maniféstase que a cuestión de fondo é a carencia de ingresos deste Concello, que está a prescindir dos impostos que lle corresponden, anunciando o voto a favor da proposta porque lle parece inxusto que o Concello faga fronte a un servizo que non é competencia propia, especificando que a señora concelleira de Cultura debería facer algo máis que vir aquí e votar a favor, debendo de esixir a cobertura destas carencias cando se pasea cos representantes da Xunta, posto que a xestión pública é algo máis que aprobar ou non unha moción.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao, en nome do grupo do BNG, manifesta que o seu grupo está de acordo coa moción, que xa se ten esixido que os traballadores de axuda no fogar tiveran un trato de igualdade coas traballadoras sanitarias, debendo de repararse o mal pagadas que están estes traballadores anunciando o apoio do seu grupo á moción.

Sometida á consideración do Pleno a proposta que textualmente di:

“A aprobación no ano 2006 da Lei de Dependencia por parte do Goberno de España, supuxo un avance histórico na ampliación do Estado do Benestar en España e actualmente hai 1,1 millóns de persoas beneficiarias con dereito efectivo. Sen dúbida un feito extraordinario no sistema de protección social no noso país.

Como dispón con carácter xeral o artigo 11 da Lei 39/2006, de 14 de decembro, correspóndelle ás Comunidades Autónomas **“xestionar no seu ámbito territorial, os servizos e recursos necesarios para a valoración e atención á dependencia”**.

O Servizo de Axuda no Fogar é un dos recursos de atención ás persoas dependentes máis demandados, con máis de **24.000 persoas usuarias en toda Galicia**. Aínda que a competencia é da Xunta de Galicia, **a súa xestión foi derivada aos Concellos**.

De feito, a súa xestión e financiamento veñen impostas aos Concellos en virtude da Lei 13/2008, de 3 de decembro, dos Servizos Sociais de Galicia e o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

A achega da Xunta de Galicia ao financiamento deste servizo da súa competencia é de **9,7 euros/ hora, aportación que está conxelada** dende o Decreto do ano 2012, permanecendo inalterada e insuficiente para a xestión dunha competencia propia.

Na Orde do 31 de maio de 2016 pola que se modifica o módulo de financiación do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de Dependencia, recóllese:

"Módulo económico a aplicar: a achega da Xunta de Galicia será igual á diferenza entre o custe do servizo, declarado pola corporación local na xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais máis recente dispoñible, menos o importe de participación da persoa usuaria no custe do servizo, por hora efectiva de atención xustificada a persoas con Programa Individual de Atención de Servizo de Axuda no Fogar(SAF).

En todo caso, a achega por parte da Xunta de Galicia será dun máximo de 9,7 euros por hora efectiva de atención xustificada a persoas con Programa individual de atención de servizo.

A axuda no fogar é unha competencia impropia que asumen os concellos, cando lle corresponde ás administracións autonómica e estatal. Hai que ter en conta que o prezo do salario base mensual dunha auxiliar de axuda no fogar pasou de 14 pagas de 964,15 euros en 2020 a 14 pagas de 1042,68 euros en 2021. Son os Concellos os que teñen que asumir ao longo deste tempo os incrementos do prezo/hora para poder garantir un servizo de calidade e unhas condicións de traballo dignas do Servizo de Axuda no Fogar, incrementando o importe dos contratos nos orzamentos municipais, sen ningunha clase de achega adicional por parte da Xunta de Galicia.

Esta situación é insostible para a maioría das finanzas municipais, tendo en conta, ademais que, a menor presuposto municipal (concellos pequenos e normalmente con maior dispersión poboacional), os custes por hora vense incrementados, como sucede no noso Concello."

O Pleno por unanimidade acorda:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia a que incremente o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar, da súa competencia e que os Concellos xestionan, que permanece conxelado dende o ano 2012, de modo que se axuste á realidade do prezo/hora actualmente vixente e se poda prestar este servizo coa máxima calidade e coas mellores condicións de traballo para cada profesional deste servizo.

Segundo.- Trasladar ao Parlamento de Galicia o acordo adoptado por esta Corporación para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Trasladar o presente acordo á Federación Galega de Municipios e Provincias para o seu coñecemento e efectos.

6.b).- Moción PSdG-PSOE sobre o Día Internacional da muller:

Pola S^a Concelleira D^a Gemma Verónica López en nome do grupo municipal PSdG-PSOE dáse conta da moción do seu grupo relativa ao Día Internacional da Muller.

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro, en nome do grupo Marea Veciñal de Touro, maniféstase que o seu grupo está de acordo, facendo referencia á inexistencia dun plan de igualdade, e que en todos os plenos os grupos da oposición teñen que traer propostas para que o Concello se

meta dentro da lei, como por exemplo o inventario de bens, o plan de igualdade e outras, polo que o Concello debe de elaborar un plan transversal de igualdade, significando que é increíble que a estas alturas sigan cun plan caducado e que a propia empresa contratada ten informado que o 90 por cento está sen executar, poñendo catro parches para poder cobrar unha subvención, remitíndose ao anterior pleno cando se dixo que as actividades contra a violencia de xénero eran a carallada de Boqueixón.

A señora concelleira D^a María Josefa Codesido manifesta que xa ten pedido perdón por esas manifestacións.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que deben de cumprir coa lei e presentar un plan de igualdade.

O señor Xoán A. Louzao, en nome do grupo do BNG, manifesta que o seu grupo votará a favor da moción.

Pola señora concelleira D^a Adela Iglesias maniféstase que plan de igualdade xa está feito.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que o plan está tardando un ano, que ten que aprobarse polo Pleno co exposición pública, especificando que do que se trata é de que se consensúe cos actores sociais e que se execute, pero non un plan caducado que está se executar no 90 por cento.

A señora concelleira D^a Adela Iglesias manifesta que está todo executado.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que o que pretendía o seu grupo coa moción era destacar que existe moito machismo que non se percibe, cunha grande taxa de desemprego nas mulleres, que nalgúns sectores como o dos coidados a dedicación é practicamente en exclusividade. Por outra parte tamén inflúe a brecha dixital na igualdade, sendo a intención da moción pedir a continuidade de políticas sociais, actuacións nas máis xoves, en xeral actuacións que xeren unha igualdade, non tratándose da discusión sobre quen ten a competencia do que fai un o fai o outro, senón dun compromiso do que todos esteamos con actuacións necesarias, con apoio nos recursos económicos utilizados de forma eficiente e eficaz.

Sometida á consideración do Pleno a proposta que textualmente di:

Este ano, 2021, Nacións Unidas elixiu como tema para o día da Muller, 8 de Marzo, "**por un futuro igualitario no mundo da Covid-19**". É que hai xa un ano que un feito doloroso e insólito para a nosa xeración alterou e escureceu as nosas vidas. Unha pandemia mundial, unha crise sanitaria que conlevou outra social e económica. Durante a pandemia as mulleres estiveron en primeira liña desempeñando un papel fundamental. Como traballadoras no ámbito sanitario, da ciencia e da investigación, desde os servizos esenciais, pero tamén asumindo as responsabilidades dos coidados no ámbito privado.

En esta crise tamén afectou máis ás mulleres. Son moitas as que perderon o seu emprego, as autónomas que viron frustradas as súas iniciativas empresariais, as que sufriron un ERTE." Son moitas as que fixeron malabares coas clases dos seus fillos e fillas, a atención aos seus pais/nais, avós, avoas o traballo profesional, as tarefas do fogar. As que máis sufriron estes efectos (lembrems que falamos de coidados; e isa sen dúbida, leva o apelido muller; e especialmente nun ámbito rural coma o noso). E por suposto, supuxo unha tortura engadida a todas as mulleres vítimas de violencia machista, que se viron abrigadas a convivir durante máis horas, soportando, seguro, maior tensión e carga emocional.

Tal como expresa Nacións Unidas, a crise puxo de relevo tanto a importancia fundamental das contribucións das mulleres como as cargas desproporcionadas que soportan. Ademais por causa da pandemia da Covid-19, xurdiron novos obstáculos, que se suman aos de carácter social e sistémico, que persistían antes e que frean a participación das mulleres.

Dende a nosa Agrupación, dende o grupo municipal socialista de Touro, fixemos propostas, rogos, actividades e presentamos mocións coa intención de mellorar, defender e conciliar a vida das mulleres (mocións contra a violencia machista, propostas e rogos sobre programas de respiro familiar

para cuidadoras de familiares en Touro, peticións e esixencias de incremento de inversións no noso Concello.

Dende o grupo socialista de Touro, asumimos e defendemos que hai que intervir para paliar esta situación.

Temos ante nós unha gran oportunidade porque contamos cunha inxección en forma de fondos europeos, que nos dan a posibilidade de investir para xerar cambios estruturais.

O Pleno por unanimidade acorda:

Primeiro.- Instar ao Goberno municipal a impulsar e reforzar políticas de igualdade, introducindo a perspectiva de xénero en tódalas políticas levadas a cabo dende o Concello de Touro.

Segundo.- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia, dentro do seu marco competencial a:

1. Impulsar políticas dirixidas a pechar as moitas fendas existentes (a fenda laboral, a salarial e a dixital).
2. Fomentar actuacións destinadas a impulsar a corresponsabilidade.
3. Corrixir as situacións de desigualdade das mulleres.
4. Desplegar políticas dirixidas a loitar contra a pobreza infantil e a das mulleres con fillos e fillas a cargo.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo plenario á Xunta de Galicia.

Antes de pasar ao turno de rogos e preguntas sométense á consideración do Pleno as seguintes propostas para a súa introdución na orde do día polo trámite de urxencia.

MOCIÓN DO GRUPO DE MAREA VECIÑAL DE TOURO SOBRE MANIFESTO DE CONDENA ÁS MANIFESTACIÓNS EMITIDAS POLA ASOCIACIÓN MINEIROS DE TOURO-O PINO CONTRA A VECIÑANZA DE TOURO.

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro dáse lectura da moción nos seguintes termos:

“Con data do 23 de Marzo de 2021 a asociación Mineros Touro- O Pino fixo pública unha nota de prensa, difundida nos medios de comunicación, na que se ofrecía unha imaxe distorsionada e pexorativa do concello de Touro ao mesmo tempo que se lle faltaba ao respecto á propia veciñanza. O comunicado, o cal estamos seguros que é compartido por unha parte ínfima deste colectivo, utiliza expresións como as que seguen:

"Aquí (en Touro) estamos en la edad del eucalipto y la vaquiña (y poca)" ou utilizando o calificativo "algún ecologista de fin de semana dirá..." para etiquetar aos opositores (e veciños/as) dun proxecto mineiro que foi denegado por razón técnicas.

Estas declaracións non son algo novedoso xa que dende a empresa promotora do proxecto denegado xa se utilizara o termo "iluminados" para faltarlle ao respecto á veciñanza.

Estas declaracións e actuacións provocan un conflito social de grandes dimensións que non debe ter lugar na nosa sociedade. Este tipo de situacións deben ser abordadas dende a administración local en prol da convivencia, independentemente do posicionamento que teña cada grupo político.

Polo tanto o que se solicita é que o pleno municipal emita unha declaración conxunta aos medios na que se condene estas declaracións que teñen como finalidade crear un conflito social entre a propia veciñanza.”

Sometida a votación a urxencia da mesma ao Pleno, prodúcese un empate por cinco votos a favor (tres de Marea Veciñal de Touro, un do BNG e un do PSG-PSOE) e cinco en contra (grupo do PP) sobre a mencionada proposta, sometida novamente a votación tense producido un novo empate nos mesmos termos, quedando rexeitada a inclusión da mesma na orde do día por non haber obtido a

maioría absoluta esixida no artigo 83 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MAREA VECIÑAL DE TOURO RELATIVA Á EXECUCIÓN DO SANEAMENTO EN OBRA:

O señor concelleiro D. Roberto Castro fundamenta a urxencia na necesidade de que se trata dunha obra prioritaria posto que existe unha deficiencia tremenda, pretendendo que se utilice a segunda oportunidade de financiación a través dunha subvención que o Concello solicite mediante a orde do 12 de marzo de 2021 que se financia con fondos FEDER europeos.

Sometida a votación do Pleno a urxencia da moción presentada polo grupo Marea Veciñal de Touro relativa á execución do saneamento en Obra, prodúcese un empate por cinco votos a favor (tres de Marea Veciñal de Touro, un do BNG e un do PSG-PSOE) e cinco en contra (grupo do PP) sobre a mencionada proposta, sometida novamente a votación tense producido un novo empate nos mesmos termos, quedando rexeitada a inclusión da mesma na orde do día por non haber obtido a maioría absoluta esixida no artigo 83 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

INCLUSION POR URXENCIA NA ORDE DO DIA DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO MELLORA DAS MARXES DO VIARIO EN RIBEIRA INCLUÍDO NO POS+ 2021.

Pola señora concelleira D^a Adela Iglesias dáse conta da moción sobre modificación do proxecto “Mellora das marxes do viario en Ribeira” incluído no POS+ 2021, para a súa inclusión do asunto na orde do día.

O Pleno, por unanimidade, acorda a inclusión do asunto na orde do día.

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro, en nome do grupo Marea Veciñal de Touro, manifesta que o seu grupo está disposto a que calquera moción se inclúa na orde do día, de aí o sentido do voto do seu grupo .

Polo que respecta ao proxecto que se modifica, vai na liña de todos os que se aprobaron, que carecen do mínimo detalle construtivo, feitos sen rigor, estase a plantear unha senda cun pouco de formigón nunha cuneta, sendo que en todo caso habería que modificar o perfil transversal, sendo totalmente inútil definir soamente o perfil lonxitudinal, non deseñado obras de recollida de augas, voltará a pasar o mesmo que na pista que vai a Santaia, ou sexa facer máis do mesmo: auga para mover un muiño, ningún rigor, facéndose a beira do aglomerado, sendo moi perigoso para coches e para persoas, polo que anuncia o voto en contra do seu grupo.

Polo señor Xoán A. Louzao, en nome do grupo do BNG, maniféstase que non se trata da idoneidade dunha obra para a que non votou o seu grupo a favor, senón que se trata de emendar un erro, especificando que xa van moitos plenos para solventar erros, dando a sensación de que se fan as cousas mal, debendo de poñer un pouco de rigor cando se fan as cousas, anunciando a abstención do seu grupo.

Pola señor concelleira D^a Gemma V. López, en nome do grupo do PSG-PSOE, maniféstase que se están a producir continuamente erros, anunciando a abstención do seu grupo porque traer unha cuestión que pide a Deputación non tería que trasladarse o Pleno, especificando que deberían traerse as cousas máis preparadas o Pleno.

Solicitada pola Excm. Deputación Provincial da Coruña a modificación do proxecto denominado “Mellora das marxes do viario en Ribeira”, incluído no POS+ 2021.

Visto o informe técnico no que se acredita que as correccións solicitadas non implican nin modificación do obxecto do proxecto nin do seu importe.

O Pleno, por cinco votos a favor (grupo PP), tres en contra (grupo Marea Veciñal de Touro) e dúas abstencións (grupos BNG e PSG-PSOE), acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto denominado “Mellora das marxes do viario en Ribeira”, polo importe de 34.595,14 euros, incluído no POS+ 2021, coas modificacións introducidas segundo requirimento da Excm. Deputación da Coruña.

Segundo.- Remitir á Excm. Deputación o presente acordo para a súa incorporación ao procedemento en trámite de aprobación do Plan POS+ 2021.

VII.- ROGOS E PREGUNTAS.

Polo señor Alcalde D. Alfredo Souto respóndese ás propostas formuladas por escrito polo grupo Marea Veciñal de Touro:

Á pregunta Nº 1: Que parroquias e núcleos de poboación do Concello de Touro están incluídos no Plan de Banda Ampla 2020 da Xunta e no programa de extensión de banda ampla de nova xeración do Estado?

Polo señor Alcalde D. Alfredo Souto contéstase que todas as parroquias do Concello disporán de banda ancha de ADSL, fibra ou 4G.

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que se está referindo ós núcleos.

O señor Alcalde manifesta que se refiren a todas as parroquias, pero que se pediu a AMTEGA que nos diga como están, por outra parte o señor Alcalde manifesta que se ten solicitado a Fenosa e Udesa o paso de cableado por fibra óptica pola súa rede, e Fenosa dixo que non pero que Udesa non descarta a proposta.

Á pregunta Nº 2: Que traballadores (fágase relación) teñen autorización para o uso de vehículos municipais? Cales son os criterios e as condicións?

O señor Alcalde contesta que os traballadores que teñen autorización son os que teñen carné.

O señor Darío Rey manifesta se tamén os poden usar fóra do horario laboral.

O señor Alcalde manifesta que pode ser que leven o coche se teñen que facer un traballo cerca.

O señor Roberto Castro pregunta como se fai o control horario.

O señor Alcalde contesta que non sabe.

Ás preguntas formuladas por escrito polo grupo do PSG-PSOE, que se formulan a continuación, o señor Alcalde contesta para cada unha delas o seguinte:

1ª. Que actividades levou a cabo o Concello de Touro en materia de conciliación familiar durante o último ano?

Programáronse as actividades de lecer do verán (Xullo lúdico) coas medidas de prevención e limitación de aforo. Sen embargo, non rexistramos ningunha solicitude de participación parte da veciñanza.

2ª. Que actividades levou a cabo o Concello de Touro cos fondos estatais destinados ao noso concello en materia de violencia de xénero?

Durante o ano 2020, con cargo ós fondos do Pacto de Estado, realizouse un vídeo no que se traballaron os estereotipos e roles de xénero. Este vídeo está aloxado na páxina web do concello.

Tamén, con cargo a unha subvención que convoca a xunta de Galicia, con fondos do Pacto de Estado, realizouse un xogo educativo, que trata o tema da igualdade e que se repartiu a todo o alumnado do CPI de Touro.

En relación á Igualdade, tamén durante o 2020, fixéronse outras actividades sen financiación estatal:

- Xornada de información: redes sociais, que se esconde detrás delas.
- Conversas cos maiores: no Centro social, impartíronse 5 xornadas sobre igualdade.
- Obradoiros sobre igualdade para persoas con discapacidade.
- Redacción do no Plan de igualdade.
- Colaboración co GDR na divulgación de paneis contra a violencia de xénero.
- Somos iguais. Contos pola igualdade.
- Contacontos sobre o libro A Reconquista.

3ª. Ten coñecemento se por medio dos Servizos sociais municipais algunha familia foi beneficiaria do programa de Respiro familiar?

Durante o último ano non se recolleu ningunha solicitude de Respiro familiar nos Servizos sociais.

4ª. Que cantidades económicas se investiron en axudas a familias con dificultades producidas pola pandemia de coronavirus?

Destináronse 622,50 euros en compra de produtos de primeira necesidade.

Tamén se realizou un alta urgente do programa Xantar na casa, ocasionada pola corentena, que estivo vixente desde 4/04/2020 ata que a persoa beneficiaria solicitou a baixa, con data do 9/07/2020. Neste período, recibiu 105 menús cun custe para o concello de 175,35 euros (1,67 euros/menú).

Realizouse unha inversión de 4.337 euros na adecuación dunha vivenda (construción dun baño).

Entregáronse mascarillas (3 entregas) e xel (1 vez) a todas as familias do Concello, cunha inversión de 19.460 euros.

5ª Que previsión ten o Concello de touro para utilizar o remanente orzamentario que a lexislación permite investir? Desde este grupo municipal consideramos que é preciso sexa utilizado en axudas tanto ás empresas do concello como axudas ás persoas con necesidades básicas, así como para as obras de primeira necesidade.

O señor Alcalde manifesta que non pode contestar porque non se ten nada previsto, que de momento non hai unha previsión sobre ese asunto.

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro faise referencia ás preguntas do último pleno que non foron contestadas.

Polo señor Alcalde maniféstase que se contestarán por escrito.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que se está a incumprir o regulamento.

O señor Alcalde manifesta que non ten as respostas ás preguntas que foron realizadas nese pleno.

Polo señor concelleiro D. Darío Rey pregúntase se o concello ten permiso do titular da vía para a feira do día 5.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que non sabe e que se contestará por escrito.

O señor concelleiro D. Darío Rey pregunta sobre a ponte sobre o río Lañas, que caeu pola enchenta do río, porque se trata da unión das rutas e é preciso arranxala.

O señor Alcalde manifesta que hai que arranxalo e que non sabe como está o tema, que é preciso arranxalo e que necesita permiso de Augas de Galicia, e que se contestará por escrito.

O señor concelleiro D. Darío Rey pregunta pola pista que vai a Carballa, que está intransitable e que se lle ten contestado que deben denunciar os veciños, preguntando se o Concello ten actuado neste caso para arranxar a pista, e se se tomou algún tipo de medida contra o infractor.

O señor Alcalde contesta que non sabe se se tomou algunha medida, que se vai intentar que se arranxe e intentarase reclamarlle á empresa que fixo os danos.

Polo señor concelleiro D. Darío Rey maniféstase que na aldea de Subres (Cornado) hai un camiño público que vai de Subres a Vilar de Calvos por Rosende, especificando que se ten constancia de que é un camiño público do que hai que recuperar o tránsito.

O señor Alcalde manifesta que haberá que ver se é camiño público.

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que está a falar dun camiño pola parte de Santiso no que despois hai plantacións de eucaliptos, debendo comprobarse se a titularidade é pública ou non.

O señor Alcalde manifesta que considera que é privado.

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que haberá que revisar de que é a titularidade.

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que en abril de 2020 as traballadoras de axuda no fogar estaban sen EPIS, e puxeron de manifesto a necesidade de dotalas de FFP2 por parte do Concello (neste punto da orde do día abandona o Pleno o señor concelleiro D. Manuel Puga García), as traballadoras fixeron unha petición e tiveron que pelexar para que se cumprira a súa petición, preguntando sobre esta cuestión ao señor Alcalde.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que naquela ocasión levaron moitas mascarillas, pero esa foi a única vez que faláron diso.

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que existe un recurso patrimonial que protexer na Cruz de Méndez, onde hai unha mámoa e xa ten posto en coñecemento do goberno o asunto posto que podería haber unha sanción, preguntando que xestión se fixo para protexer este ben.

A señora concelleira D^a Adela Iglesias manifesta que non vai a contestar agora.

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que ten que traducir que non se fixo nada.

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que no prego de condicións do concurso de axuda no fogar era obrigatorio ter no concello un local por parte da empresa adxudicataria, preguntando porque se lle está a facilitar un local público a unha empresa privada.

O señor Alcalde manifesta que non sabe do asunto.

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que se está prestando o local de protección civil á empresa de axuda a domicilio, que reciba ás traballadoras nese local.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que estará libre.

O señor concelleiro D. Darío Rey expresa que será mellor que a empresa alugue un local quedando os beneficios para os empresarios do concello.

O señor Alcalde manifesta que se está libre non entende porque non se pode utilizar unha vez ou máis.

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que iso pódese aplicar a calquera veciño pero que a empresa ten a obriga de ter un local no Concello.

O señor alcalde manifesta que as traballadoras melloraron bastante e que non ve problema en que nun momento determinado se lle poida posibilitar esa cuestión.

O señor concelleiro D. Darío Rey pregunta porque motivo non se ten incluído a festa que se realiza en Cornado entre as subvencións de concesión directa, porque non se outorga á asociación "O Batán" unha subvención directa.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que se están a conceder para carnavales.

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que nas bases de execución determínanse as subvencións de carácter directo e decidiron que foran as relativas ao entroido, que non lle parece mal, pero que deixaron fóra a festa de Cornado.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que non hai motivo, que se falara sobre o tema para darlle subvencións ás asociacións.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que esta mañá un traballador municipal estivo pintando un grafiti, preguntando cal é a finalidade deste traballo.

O señor Alcalde manifesta que descoñece esa cuestión.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que o señor Alfredo é o Alcalde en funcións e o responsable do persoal, solicitándolle que cando o teña a ben concrete a respostas e quen foi o que lle fixo a encomenda a ese traballador.

Pola señora concelleira D^a Adela Iglesias maniféstase que quen deu a orde foi ela, porque se estaban poñendo as fotos en sitios públicos.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que o señor Alcalde sabe que teñen aprobado un plan de defensa contra incendios forestais, que afecta a máis de 6.000 parcelas do concello é 899 hectáreas, afectando á xestión da biomasa a algo máis do 8 por cento da extensión do concello.

En Calvos -segue a dicir o señor Roberto Castro- iniciouse un procedemento para a xestión do plan que afecta a 36 parcelas, ao 0,1 por cento do concello, preguntando se van a continuar co resto do Concello.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que non cre que se vaia a facer alí, esperando que quede como estaba.

O señor concelleiro D. Roberto Castro pregunta se se vai a continuar co plan.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que pola súa parte non se vai a executar, que existía un problema cos eucaliptos e agora xa non hai eucaliptos cerca do local social.

O señor D. Roberto Castro manifesta que se realizou por unha providencia da Alcaldía.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que o tema vai quedar así, que se fixo unha reclamación e pola súa parte fíxose a xestión de se non lles importaba cortar os eucaliptos que estorbaban, porque os demais non estorbaban, manifestando que non deberían seguir por ese tema que está zaxado.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que esta cuestión é posterior a unha providencia da Alcaldía, que dita que se elabore un informe para executar ese plan que ven afectado a 37 parcelas, preguntando se interferirá para paralizar ese expediente.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que nese expediente os veciños xa recibiron as cartas.

O señor concelleiro D. Roberto Castro pregunta se vai aproveitar que está en funcións de Alcalde para paralizar ese expediente.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que para el ese tema está zaxado, porque xa se cortaron os eucaliptos.

O señor concelleiro D. Roberto Castro pregunta sobre o pagamento das axudas do PEL-REACTIVA, especificando que xa fai tres meses que teñen aprobada a axuda e presentaron a xustificación dos gastos, pero aínda non cobraron, e en vez de pagar requíreselle máis documentación para xustificar o pagamento, especificando que a axilidade no pagamento é fundamental, porque se se ten enredando na tramitación atrasando o pagamento, preguntando cal é a situación e porque non se paga.

O señor Alcalde pregunta ao señor Secretario sobre a situación.

Polo señor Secretario maniféstase que existen problemas derivados da interpretación de que gastos se poden imputar e desde cando.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que o Concello ten solicitado as masas comúns de concentración parcelaria de Touro-Quión, que foron aceptadas e, a marxe do vertedoiro incontrolado municipal, pregunta que se está a facer con esas masas comúns de Quión.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que non lle pode contestar.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que a práctica corrupta de fraccionar os contratos públicos e darllos a que se considere oportuno.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que se fai o que permite a legalidade, aínda que se poden cometer erros non intencionadamente.

O señor concelleiro D. Roberto Castro expón que se trata dun en concreto, o alumeado de Chaos en Circes e outros que afectan a Circes e outros no Campo da festa, especificando que ese contrato forma parte dunha obra que foi troceada en catro contratos. Os concelleiros aprobado o troceo desa obra. Saíu a contrata e a empresa Alumea foi contratada. Despois de trocear a obra decidiron que ía ser a que fixera esa obra, e a que convidan, convidaron a catro empresas, Alumea e tres máis, para que lle dera o empaque e forma de legalidade para cumprir co orzamento dentro do contrato menor, pero resulta que a empresa presentada opta cun prazo menor e adxudícase a Alumea cunha baixa de 33 euros, é dicir, entre as catro empresas adxudícase á esa empresa con esa baixa, a clave ven a estar na empresa descoñecida que fixo a obra de Vilar de Calvos e a Xunqueira.

O señor Alcalde manifesta que se entende que está mal, aconséllalle denunciar e acabouse.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que os catro foron convidados polo señor Alfredo e os outros tres membros.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que estase nun pleno, e que non ten feito nada malo.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que o que se ten acreditado é que o Concello pagou un sobrecoste de 4.000 euros.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que pode denunciar no Xulgado.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que esta obra menor polas súas prácticas de pura corrupción costoulle á veciñanza cerca de 4.000 euros, preguntándose cal foio o seu interese para adxudicar esta obra en detrimento doutras empresas cun prezo un 25 por cento inferior.

O señor Alcalde manifesta que ningún.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que se está a seguir un procedemento de adxudicación de mascarillas que se puido tramitar polo contrato menor, que son prezos taxados, pero que se fai así porque non hai un amigo con retorno, porque non hai marxe, preguntándose porque unha obra de case 70.000 euros lévase a contrato menor e un subministro que se puido adxudicar por contrato menor lévase a licitación.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que non hai interese ningún, especificando que descoñece do que lle está a falar.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que hai outros contratos a dedo, coma un de 18.000 euros relativo ao roteiro temático do Ulla, no que aparecen outros dous orzamentos para darlle empaque de legalidade, con prezos escandalosos, como por exemplo unha estaca con dúas raías pintadas a 75 euros, que paga o Concello, bancos por 491 euros cada un, un panel a mil euros e pico, letreiros con estaca a 195 euros, etc, que son cartos que paga a veciñanza para unha empresa escollida a dedo, o orzamento era de 18.150 euros e adxudícase a Coregal SL por 17.967 euros. Cunha baixa do 1 por cento, isto é 137 euros; así mesmo, o señor concelleiro D. Roberto Castro fai unha comparativa entre os prezos ofertados polas empresas invitadas á contratación, na que se acredita unha mínima diferenza entre elas, especificando que a empresa adxudicataria a dedo Coregal SL un ano despois fixo unha obra na casa da concelleira D^a Adela Iglesias.

A señor concelleira D^a Adela Iglesias manifesta que pode contratar con quen queira.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que ese foi o retorno pola adxudicación da obra.

O señor Xoán A. Louzao, en nome do grupo do BNG, pregunta sobre unha certificación aprobada no 25 de decembro por importe de 10.474 euros, relativa á obra de Vilar de Calvos ao río, entendendo que se trata dun erro porque a obra non está feita, que se debe mirar ese erro.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao pregunta polo ingreso que se lle fai a Vagalume por 2.194 euros no obradoiro dun taller ocupacional cando despois suspéndese o contrato.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao pregunta se se ten solicitado a subvención correspondente ao Fondo de compensación ambiental.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que non sabe.

Polo señor Secretario maniféstase que se ten solicitado.

O señor Xoán A. Louzao pregunta como se encontra a subvención relativa ao IDAE.

O señor Alcalde manifesta que aínda non se sabe.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao pregunta polo acordo relativo a unha demanda por responsabilidade patrimonial.

O señor Secretario manifesta que se trata dunha denuncia por danos nas rodas dun vehículo por baches.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao pregunta polo estado da estrada de Enquerentes a Remesquide, na que existen unha curva e créase un problema por pouco que chova, sendo un tema xa moi reiterado.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que descoñece o asunto.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao pregunta se se enviou a relación do persoal do S.A.F. por ser servizos esenciais para a súa vacinación e se hai algún concelleiro vacinado.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que ningún membro do goberno está vacinado.

O señor D. Xoán A. Louzao manifesta que as escaleiras do Salto dos Pombos están rotas, polo que roga que se arranxen.

Polo señor concelleiro D. José Luís Ramos pregúntase sobre as obras que habería que facer nas marxes da estrada AC-240 para habilitar o paso a pé.

O señor Alcalde D. Alfredo Souto manifesta que se pediu pero de momento non hai resposta.

O señor concelleiro D. José Luís Ramos fai o rogo referido a pleno de decembro no que se presentou polo seu grupo unha proposta para arranxar a estrada que vai o Pedrouzo e daquela o grupo do goberno votou en contra na idea de que o Concello do Pino ía incluír a pista no Plan POS e o Concello do Pino non a ten incluída, está pospoñendo a obra cando se trata dunha estrada principal para este Concello que o une con Santiago, polo que fai o rogo de que se solicite ao Concello do Pino para que arranxe a estrada.

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que volve a reiterar que se dote dunha infraestrutura mínima na parada de Cillobre , é dicir que se poña unha marquesiña porque a parada está sen marquesiña.

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que a baixada de Subres ao Fondo da Ulla está sen compactar e as augas baixan polo propio camiño, solicitando que se compacte para evitar esa situación polo problema da auga que se está a soltar.

O señor concelleiro D. Darío Rey fai o rogo sobre o parque que está no acceso ás piscinas, porque hai un tobogán perigoso, entendendo que se todos teñen constancia do asunto deben ser reparado urxentemente ou precintalo para que non haxa un accidente.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo señor Alcalde declarouse finalizada a sesión sendo as dezaioito horas e corenta e cinco minutos do día ao principio indicado, levantándose a presente acta autorizada coa firma do señor Alcalde e de min, o Secretario, que dou fe.